



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 338
19 de xullo de 2018

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Proposición non de lei de iniciativa popular presentada por Cidadáns-Partido da Cidadanía relativa á formación do profesorado de primaria e secundaria con alumnos diagnosticados con trastorno de espectro autista (TEA). (Doc. núm. 33385) [109983](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

■ 33421 (10/MOC-000100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa violencia sexual (Moción a consecuencia da Interpelación nº 30285, publicada no BOPG nº 302, do 9.5.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.7.2018) [109993](#)

■ 33422 (10/MOC-000101)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación sanitaria pediátrica (Moción a consecuencia da Interpelación nº 2099, publicada no BOPG nº 28, do 14.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 10.7.2018) [109996](#)

■ 33427 (10/MOC-000102)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre (Moción a consecuencia da Interpelación nº 32461, publicada no BOPG nº 328, do 28.6.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.7.2018) [109998](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

■ 33174 (10/PNP-002508)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre o sometemento polo Goberno galego á consideración e aprobación polo Parlamento de Galicia do novo Plan forestal galego [110001](#)

I 33214 (10/PNP-002509)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa suba do imposto especial de hidrocarburos [110004](#)

I 33227 (10/PNP-002511)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos causados polas fortes choivas rexistradas os días 30 de xuño e 1 de xullo de 2018 nas dependencias do Arquivo Provincial da Coruña [110008](#)

I 33231 (10/PNP-002512)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a garantía polo Goberno galego da asistencia letrada gratuíta a todas as vítimas de violencia de xénero de xeito inmediato en todos os partidos xudiciais de Galicia, nos termos reflectidos na Lei 4/2015, do Estatuto da vítima do delito [110010](#)

I 33233 (10/PNP-002513)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais [110013](#)

I 33235 (10/PNP-002514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o estudo polo Goberno galego da posibilidade de abrir ao público as prazas de aparcamento do edificio multiusos propiedade da Xunta de Galicia na cidade de Lugo no horario máis amplo posible [110016](#)

I 33248 (10/PNP-002515)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para manter todos os servizos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña en situación de operatividade durante os meses de verán, así como o desenvolvemento dunha planificación que dea unha cobertura axeitada na atención primaria e especializada [110019](#)

I 33255 (10/PNP-002516)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán e as carencias de profesionais existentes nos hospitais do Sergas

[110021](#)

I 33261 (10/PNP-002517)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios persoais e orzamentarios necesarios ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, coa cobertura das vacantes de persoal investigador existentes

[110024](#)

I 33266 (10/PNP-002518)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas axudas destinadas ao primeiro emprego, así como a posta en marcha de programas específicos no medio rural para lle facilitar á mocidade oportunidades reais de emprego e autoemprego

[110027](#)

I 33270 (10/PNP-002519)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación xerada polo anuncio dun expediente de regulación de emprego extintivo e o peche da empresa Motorkar na zona de Ferrolterra, Eume e Ortegal

[110030](#)

I 33315 (10/PNP-002520)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da veciñanza do lugar de Beltrán, da localidade de Xove, referidas ao arranxo dos problemas de seguridade xurdidos a consecuencia da construción da rotonda de conexión da LU-682 coa vía de alta capacidade CG-2.3

[110034](#)

I 33324 (10/PNP-002521)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, xunto coa CRTVG, dun plan para aumentar a porcentaxe de subtitulación para persoas xordas ata o 75 % da programación total da TVG antes do ano 2020

[110036](#)

I 33328 (10/PNP-002522)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para lles posibilitar ás persoas xordocegas a identificación dos produtos que mercan

[110039](#)

I 33339 (10/PNP-002523)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso como vivenda por un particular do inmovible propiedade da Xunta de Galicia coñecido como «casa da Pedragueira», no lugar de Ribeira, Reis, no concello de Teo

[110042](#)**I 33343 (10/PNP-002524)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista nas dependencias xudiciais

[110046](#)**I 33349 (10/PNP-002525)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co convenio proposto polo Concello de Ponte Caldelas respecto das expropiacións para a reforma da estrada PO-234, que une ese concello co de Cerdedo-Cotobade e pasa polo lugar de Laxoso

[110049](#)**I 33356 (10/PNP-002526)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o artigo 6 da Orde do 22 de xuño de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021, así como a elaboración e publicación dos datos estatísticos actualizados dos prezos medios de alugamento de vivendas en toda Galicia

[110051](#)**I 33363 (10/PNP-002527)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas de salubridade que presentan o abastecemento de auga para o consumo humano do concello da Merca, así como a auga das fontes da aldea de Fontao

[110056](#)**I 33373 (10/PNP-002528)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre o indulto de dous traballadores

[110059](#)**I 33381 (10/PNP-002529)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias das traballadoras da empresa concesionaria do servizo de limpeza da Xunta de Galicia referidas á discriminación laboral e salarial por razón de sexo que están a padecer

[110063](#)

I 33387 (10/PNP-002530)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego diante das carencias de persoal existentes no Centro de Saúde de Soutomaior

[110067](#)**1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión****1.3.6.2.1. Proposicións presentadas****I 33175 (10/PNC-002714)****Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e 2 máis**

Sobre o sometemento polo Goberno galego á consideración e aprobación polo Parlamento de Galicia do novo Plan forestal galego

[110073](#)**I 33213 (10/PNC-002715)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa suba do imposto especial de hidrocarburos

[110076](#)**I 33226 (10/PNC-002717)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos causados polas fortes choivas padecidas os días 30 de xuño e 1 de xullo de 2018 nas dependencias do Arquivo Provincial da Coruña

[110080](#)**I 33230 (10/PNC-002718)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 2 máis**

Sobre a garantía polo Goberno galego da asistencia letrada gratuíta a todas as vítimas de violencia de xénero de xeito inmediato en todos os partidos xudiciais de Galicia, nos termos reflectidos na Lei 4/2015, do Estatuto da vítima do delito

[110082](#)**I 33232 (10/PNC-002719)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais

[110085](#)**I 33234 (10/PNC-002720)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre o estudo polo Goberno galego da posibilidade de abrir ao público as prazas de aparcamento do edificio multiusos propiedade da Xunta de Galicia na cidade de Lugo no horario máis amplo posible

[110088](#)

I 33247 (10/PNC-002721)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para manter todos os servizos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña en situación de operatividade durante os meses de verán, así como o desenvolvemento dunha planificación que dea unha cobertura axeitada na atención primaria e especializada

[110091](#)**I 33254 (10/PNC-002722)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán e as carencias de profesionais existentes nos hospitais do Sergas

[110093](#)**I 33260 (10/PNC-002723)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David**

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios persoais e orzamentarios necesarios ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, coa cobertura das vacantes de persoal investigador existentes

[110096](#)**I 33265 (10/PNC-002724)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas axudas destinadas ao primeiro emprego, así como a posta en marcha de programas específicos no medio rural para lle facilitar á mocidade oportunidades reais de emprego e autoemprego

[110099](#)**I 33269 (10/PNC-002725)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación xerada polo anuncio dun expediente de regulación de emprego extintivo e o peche da empresa Motorkar na zona de Ferrolterra, Eume e Ortegal

[110102](#)**I 33314 (10/PNC-002726)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da veciñanza do lugar de Beltrán, da localidade de Xove, referidas ao arranxo dos problemas de seguridade xurdidos a consecuencia da construción da rotonda de conexión da LU-682 coa vía de alta capacidade CG-2.3

[110106](#)**I 33323 (10/PNC-002727)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, xunto coa CRTVG, dun plan para aumentar a porcentaxe de subtitulación para persoas xordas ata o 75 % da programación total da TVG antes do ano 2020

[110108](#)

I 33327 (10/PNC-002728)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para lles posibilitar ás persoas xordocegas a identificación dos produtos que mercan

[110111](#)

I 33338 (10/PNC-002729)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso como vivenda por un particular do inmovible propiedade da Xunta de Galicia coñecido como «casa da Pedragueira», no lugar de Ribeira, Reis, no concello de Teo

[110113](#)

I 33344 (10/PNC-002730)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prestación de atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista nas dependencias xudiciais

[110117](#)

I 33350 (10/PNC-002731)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co convenio proposto polo Concello de Ponte Caldelas respecto das expropiacións para a reforma da estrada PO-234, que une ese concello co de Cerdedo-Cotobade e pasa polo lugar de Laxoso

[110120](#)

I 33357 (10/PNC-002732)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o artigo 6 da Orde do 22 de xuño de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021, así como a elaboración e publicación dos datos estatísticos actualizados dos prezos medios de alugamento de vivendas en toda Galicia

[110122](#)

I 33362 (10/PNC-002733)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas de salubridade que presentan o abastecemento de auga para o consumo humano do concello da Merca, así como a auga das fontes da aldea de Fontao

[110127](#)

I 33372 (10/PNC-002734)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos acordos adoptados polo Parlamento de Galicia respecto da petición de indulto de dous traballadores condenados á cadea pola súa participación nunha folga do sector do transporte no ano 2008 [110131](#)

I 33380 (10/PNC-002735)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias das traballadoras da empresa concesionaria do servizo de limpeza da Xunta de Galicia referidas á discriminación laboral e salarial por razón de sexo que están a padecer [110135](#)

I 33386 (10/PNC-002736)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego diante das carencias de persoal existentes no Centro de Saúde de Soutomaior [110139](#)

I 33391 (10/PNC-002737)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que vai ter no futuro a automatización no mercado laboral [110145](#)

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario**1.3.8.6. Modificacións orzamentarias****I 33426 (10/MOP-000023)**

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño de 2018 [109991](#)

1.4. Procedementos de información**1.4.3. Interpelacións****I 33212 (10/INT-001110)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa suba dos impostos dos carburantes [110148](#)

I 33303 (10/INT-001111)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán nos hospitais do Sergas [110152](#)

I 33325 (10/INT-001112)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a política do Goberno galego en relación coa garantía da accesibilidade universal no eido audiovisual [110155](#)

I 33345 (10/INT-001113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre a atención psicolóxica ás vítimas de violencia de xénero [110158](#)

I 33358 (10/INT-001114)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co alugamento de vivenda [110161](#)

I 33374 (10/INT-001115)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a valoración polo Goberno galego da actuación dos poderes públicos no exercicio do dereito á folga [110166](#)

I 33424 (10/INT-001116)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de inclusión social [110169](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite, traslado á Xunta Electoral e publicación do acordo

Proposición non de lei de iniciativa popular presentada por Cidadáns-Partido da Cidadanía relativa á formación do profesorado de primaria e secundaria con alumnos diagnosticados con trastorno de espectro autista (TEA). (Doc. núm. 33385)

A Mesa adopta o seguinte acordo:

1º) Admitir a trámite a proposición non de lei de iniciativa popular.

2º) Declarar constituída a comisión promotora, na que figura a persoa que a representará para os efectos de comunicacións.

3º) Notificar este acordo á representación da comisión promotora, á Oficina do Censo Electoral e á Xunta Electoral de Galicia, para os efectos previstos nos artigos 7 e 8 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá do Parlamento de Galicia.

4º) Dispoñer a publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de xullo de 2018, adoptou os seguintes acordos

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 33421 (10/MOC-000100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa violencia sexual (Moción a consecuencia da Interpelación nº 30285, publicada no BOPG nº 302, do 9.5.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.7.2018)

- 33422 (10/MOC-000101)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación sanitaria pediátrica (Moción a consecuencia da Interpelación nº 2099, publicada no BOPG nº 28, do 14.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 10.7.2018)

- 33427 (10/MOC-000102)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental da minaría de cobre (Moción a consecuencia da Interpelación nº 32461, publicada no BOPG nº 328, do 28.6.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.7.2018)

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Propositions presentadas

Admisión a trámite e publicación

- 33174 (10/PNP-002508)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre o sometemento polo Goberno galego á consideración e aprobación polo Parlamento de Galicia do novo Plan forestal galego

- 33214 (10/PNP-002509)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa suba do imposto especial de hidrocarburos

- 33227 (10/PNP-002511)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos causados polas fortes choivas rexistradas os días 30 de xuño e 1 de xullo de 2018 nas dependencias do Arquivo Provincial da Coruña

- 33231 (10/PNP-002512)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a garantía polo Goberno galego da asistencia letrada gratuíta a todas as vítimas de violencia de xénero de xeito inmediato en todos os partidos xudiciais de Galicia, nos termos reflectidos na Lei 4/2015, do Estatuto da vítima do delito

- 33233 (10/PNP-002513)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais

- 33235 (10/PNP-002514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o estudo polo Goberno galego da posibilidade de abrir ao público as prazas de aparcamento do edificio multiusos propiedade da Xunta de Galicia na cidade de Lugo no horario máis amplo posible

- 33248 (10/PNP-002515)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para manter todos os servizos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña en situación de operatividade durante os meses de verán, así como o desenvolvemento dunha planificación que dea unha cobertura axeitada na atención primaria e especializada

- 33255 (10/PNP-002516)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán e as carencias de profesionais existentes nos hospitais do Sergas

- 33261 (10/PNP-002517)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios persoais e orzamentarios necesarios ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, coa cobertura das vacantes de persoal investigador existentes

- 33266 (10/PNP-002518)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas axudas destinadas ao primeiro emprego, así como a posta en marcha de programas específicos no medio rural para lle facilitar á mocidade oportunidades reais de emprego e autoemprego

- 33270 (10/PNP-002519)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación xerada polo anuncio dun expediente de regulación de emprego extintivo e o peche da empresa Motorkar na zona de Ferrolterra, Eume e Ortegal

- 33315 (10/PNP-002520)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da veciñanza do lugar de Beltrán, da localidade de Xove, referidas ao arranxo dos problemas de seguridade xurdidos a consecuencia da construción da rotonda de conexión da LU-682 coa vía de alta capacidade CG-2.3

- 33324 (10/PNP-002521)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, xunto coa CRTVG, dun plan para aumentar a porcentaxe de subtitulación para persoas xordas ata o 75 % da programación total da TVG antes do ano 2020

- 33328 (10/PNP-002522)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para lles posibilitar ás persoas xordocegas a identificación dos produtos que mercan

- 33339 (10/PNP-002523)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso como vivenda por un particular do inmovible propiedade da Xunta de Galicia coñecido como «casa da Pedragueira», no lugar de Ribeira, Reis, no concello de Teo

- 33343 (10/PNP-002524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista nas dependencias xudiciais

- 33349 (10/PNP-002525)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co convenio proposto polo Concello de Ponte Caldelas respecto das expropiacións para a reforma da estrada PO-234, que une ese concello co de Cerdedo-Cotobade e pasa polo lugar de Laxoso

- 33356 (10/PNP-002526)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o artigo 6 da Orde do 22 de xuño de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021, así como a elaboración

e publicación dos datos estatísticos actualizados dos prezos medios de alugamento de vivendas en toda Galicia

- 33363 (10/PNP-002527)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas de salubridade que presentan o abastecemento de auga para o consumo humano do concello da Merca, así como a auga das fontes da aldea de Fontao

- 33373 (10/PNP-002528)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre o indulto de dous traballadores

- 33381 (10/PNP-002529)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias das traballadoras da empresa concesionaria do servizo de limpeza da Xunta de Galicia referidas á discriminación laboral e salarial por razón de sexo que están a padecer

- 33387 (10/PNP-002530)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego diante das carencias de persoal existentes no Centro de Saúde de Soutomaior

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 33175 (10/PNC-002714)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre o sometemento polo Goberno galego á consideración e aprobación polo Parlamento de Galicia do novo Plan forestal galego

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 33213 (10/PNC-002715)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa suba do imposto especial de hidrocarburos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 33226 (10/PNC-002717)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos causados polas fortes choivas padecidas os días 30 de xuño e 1 de xullo de 2018 nas dependencias do Arquivo Provincial da Coruña

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 33230 (10/PNC-002718)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a garantía polo Goberno galego da asistencia letrada gratuíta a todas as vítimas de violencia de xénero de xeito inmediato en todos os partidos xudiciais de Galicia, nos termos reflectidos na Lei 4/2015, do Estatuto da vítima do delito

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 33232 (10/PNC-002719)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 33234 (10/PNC-002720)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o estudo polo Goberno galego da posibilidade de abrir ao público as prazas de aparcamento do edificio multiusos propiedade da Xunta de Galicia na cidade de Lugo no horario máis amplo posible

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 33247 (10/PNC-002721)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para manter todos os servizos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña en situación de operatividade durante os meses de verán, así como o desenvolvemento dunha planificación que dea unha cobertura axeitada na atención primaria e especializada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 33254 (10/PNC-002722)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán e as carencias de profesionais existentes nos hospitais do Sergas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 33260 (10/PNC-002723)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios persoais e orzamentarios necesarios ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, coa cobertura das vacantes de persoal investigador existentes

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 33265 (10/PNC-002724)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas axudas destinadas ao primeiro emprego, así como a posta en marcha de programas específicos no medio rural para lle facilitar á mocidade oportunidades reais de emprego e autoemprego

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 33269 (10/PNC-002725)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación xerada polo anuncio dun expediente de regulación de emprego extintivo e o peche da empresa Motorkar na zona de Ferrolterra, Eume e Ortegá

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 33314 (10/PNC-002726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da veciñanza do lugar de Beltrán, da localidade de Xove, referidas ao arranxo dos problemas de seguridade xurdidos a consecuencia da construción da rotonda de conexión da LU-682 coa vía de alta capacidade CG-2.3

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33323 (10/PNC-002727)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, xunto coa CRTVG, dun plan para aumentar a porcentaxe de subtitulación para persoas xordas ata o 75 % da programación total da TVG antes do ano 2020

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 33327 (10/PNC-002728)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para lles posibilitar ás persoas xordocegas a identificación dos produtos que mercan

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 33338 (10/PNC-002729)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso como vivenda por un particular do inmovible propiedade da Xunta de Galicia coñecido como «casa da Pedragueira», no lugar de Ribeira, Reis, no concello de Teo

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 33344 (10/PNC-002730)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prestación de atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista nas dependencias xudiciais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 33350 (10/PNC-002731)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co convenio proposto polo Concello de Ponte Caldelas respecto das expropiacións para a reforma da estrada PO-234, que une ese concello co de Cerdedo-Cotobade e pasa polo lugar de Laxoso

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33357 (10/PNC-002732)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o artigo 6 da Orde do 22 de xuño de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021, así como a elaboración e publicación dos datos estatísticos actualizados dos prezos medios de alugamento de vivendas en toda Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33362 (10/PNC-002733)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas de salubridade que presentan o abastecemento de auga para o consumo humano do concello da Merca, así como a auga das fontes da aldea de Fontao

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 33372 (10/PNC-002734)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos acordos adoptados polo Parlamento de Galicia respecto da petición de indulto de dous traballadores condenados á cadea pola súa participación nunha folga do sector do transporte no ano 2008

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 33380 (10/PNC-002735)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias das traballadoras da empresa concesionaria do servizo de limpeza da Xunta de Galicia referidas á discriminación laboral e salarial por razón de sexo que están a padecer

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 33386 (10/PNC-002736)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego diante das carencias de persoal existentes no Centro de Saúde de Soutomaior

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 33391 (10/PNC-002737)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que vai ter no futuro a automatización no mercado laboral

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.6. Modificacións orzamentarias

Toma de coñecemento , traslado á Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos e aos grupos parlamentarios

- 33426 (10/MOP-000023)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño de 2018

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 33212 (10/INT-001110)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa suba dos impostos dos carburantes

- 33303 (10/INT-001111)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán nos hospitais do Sergas

- 33325 (10/INT-001112)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a política do Goberno galego en relación coa garantía da accesibilidade universal no eido audiovisual

- 33345 (10/INT-001113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre a atención psicolóxica ás vítimas de violencia de xénero

- 33358 (10/INT-001114)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co alugamento de vivenda

- 33374 (10/INT-001115)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a valoración polo Goberno galego da actuación dos poderes públicos no exercicio do dereito á folga

- 33424 (10/INT-001116)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de inclusión social

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2018 11:30
Nº Rexistro: 33421
Data envío: 13/07/2018 11:30:53.786

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 10 de xullo, sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia sexual (doc. núm **30285**, [10/INT-000999]).

Moción

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver un maior compromiso no desenvolvemento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero canto á sensibilización, prevención e tratamento integral da violencia sexual como violencia machista, a comezar polo incremento da dotación económica para os Orzamentos de 2019 así como o compromiso de remitir información desagregada sobre aquelas actuacións centradas na violencia sexual ao Parlamento Galego no final do exercicio económico.

2. Remitir nos dous primeiros meses de 2019 unha avaliación elaborada a través do grupo de traballo creado pola Xunta de Galiza no seo da Comisión Interdepartamental de Igualdade para realizar un seguimento do cumprimento das medidas incluídas no Pacto de Estado, a respecto do grao de cumprimento durante 2018.

3. Demandar da Xunta de Galiza a constitución dunha mesa de traballo na que se avalíe, xunto cunha representación do ámbito xudicial, policial e forense, a casuística



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2018 11:30
Nº Rexistro: 33421
Data envío: 13/07/2018 11:30:53.786

das denuncias en Galiza por agresión sexual, de cara a analizar posíbeis fallos na cadea de atendimento e intervir no seu baixo número.

4. Desenvolver campañas informativas para fomentar na sociedade o coñecemento de que as ferramentas contra a violencia machista, como poden ser os CIM e o teléfono 016 están á disposición para o atendimento e asesoramento tamén diante de agresións sexuais, tanto para as vítimas como para terceiros e terceiras.

5. Realizar, e remitir á plataforma Fest Galicia, ao Observatorio Galego contra a violencia de xenero á Cámara, unha avaliación específica da experiencia e resultados da campaña Agresión off antes da presentación e debate do informe anual do cumprimento da Lei 11/2007 de forma que sexa posíbel consensuar e levar a cabo propostas de mellora antes do inicio do ciclo de festivais de 2019.

6. Incluír na orde de traballos da comisión de traballo anunciada pola Xunta de Galiza no seo do Observatorio galego da Violencia de Xénero para facer seguimento do cumprimento do Protocolo de coordinación e cooperación institucional que se aprobou no 2017 a avaliación de se o deseño e funcionamento dos protocolos está a ser operativo de forma específica para o atendimento das violencias sexuais, con especial atención ao ámbito sanitario.

7. Incluír na páxina web da Secretaría Xeral de Igualdade un apartado específico visíbel na pantalla de inicio con información sobre as violencias sexuais e os seus recursos de atención e intervención.

8. Estender a todos os centros de educación secundaria do país obradoiros específicos sobre o consentimento co obxectivo de contribuír a superar a a preeminencia da pornografía como referente formativo na mocidade galega; así como desenvolver as



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2018 11:30
Nº Rexistro: 33421
Data envío: 13/07/2018 11:30:53.786

actuacións necesarias para incorporar contidos coeducativos transversais de superación da dominación sexual en todas as fases educativas.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2018

Asdo. Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/07/2018 11:30:21

Ana Pontón Mondelo na data 13/07/2018 11:30:32

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 10 e 11 de xullo de 2018, sobre a prestación sanitaria pediátrica (10/INT-000084, documento número 2099)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Mellorar as condicións laborais dos profesionais de atención pediátrica en Galicia para reter profesionais que melloren os servizos do Sergas.
2. Establecer un plan especial de contratación de pediatras 2018 – 2020 que permita garantir a maior cobertura posible do servizo para toda a comunidade.
3. Negociar co Goberno de España o aumento de prazas formativas en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios e facultade de medicina da USC para que exista posibilidade de dar cobertura correcta a ese aumento.
4. Abrir unha mesa de traballo que conte con expertos, representantes dos traballadores e da consellería e que extraia conclusións do estado da atención pediátrica en Galicia que permita tomar decisións asociadas a elas.
5. Remitir no prazo de 3 meses un informe aos grupos parlamentarios coa redistribución e planificación dos servizos de atención pediátrica en atención primaria en Galicia, que valore a concentración de servizos como resposta á situación do servizo, e que informe sobre a vontade de manter este formato de maneira permanente ou non.

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2018



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/07/2018 11:36:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/07/2018 11:36:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 32461 (10/INT-001090)** debatida na sesión plenaria do 11 de xullo de 2018, sobre os informes de impacto ambiental do Proxecto da Mina Touro-O Pino.

MOCIÓN:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

- 1) Rectificar e optimizar as súas funcións de investigación, control e sanción sobre as consecuencias contaminantes do insuficiente control e intensidade de restauración da mina de Touro-O Pino pola actual teñedora dos dereitos mineiros.
- 2) Impulsar e dotar orzamentariamente, de maneira complementaria a aportación fundamental da teñedora dos dereitos mineiros, dende Augas de Galicia e da Consellería de Medio Ambiente un novo Plan de actuacións de restauración da Mina Touro-O Pino que substitúa a do ano 2002, que se demostrou claramente insuficiente.
- 3) Incluír como partes interesadas na redacción do Plan mencionado no apartado 2 as plataformas veciñais dos concellos afectados, dende Touro e O Pino ata



todos os ribeirenses do Río Ulla e da Ría de Arousa. Da mesma maneira a asociacións naturalistas e ecoloxistas como ADEGA, SGHN, etc.

- 4) Incluír así mesmo na redacción do Plan mencionado no apartado 2 as institucións académicas das universidades galegas concernidas en asuntos medioambientais. Garantindo que as expertas e expertos que participan non teñan ningún tipo de relación persoal, familiar ou empresarial coa compañía teñedora dos dereitos mineiros nin coas súas empresas participadas.
- 5) Garantir que nas contratacións derivadas das actuacións determinadas polo novo Plan de Restauración se lles dea prioridade de contratación laboral ás traballadoras e traballadores das compañías que actualmente actúan na zona da explotación mineira por ser os mellores coñecedores da situación. Isto non só garantiría os seus postos de traballo, se non que podería incrementalos de maneira importante.
- 6) Actuar con transparencia nas demandas de información neste e no resto de proxectos mineiros e desterrar as prácticas de obstrución denunciadas polos colectivos ambientalistas e reflectidas incluso en sentencias xudiciais.
- 7) Incluír a Consellería do Mar entre as institucións con obriga de elaborar informes preceptivos en todos os procedementos de autorización de explotacións mineiras, e en concreto no da mina de Touro-O Pino.
- 8) Unha vez recibidos pola Xunta de Galicia todos os informes preceptivos, a maioría deles moi críticos co proxecto, dar por pechado o procedemento de autorización e ditaminar unha avaliación medioambiental negativa e non subsanable e, polo tanto, rexeitar de maneira definitiva o proxecto mineiro de extracción de cobre, da empresa Cobre San Rafael e Atalaya Minning, en



Touro e O Pino, por ser perigoso ambientalmente e para a saúde das persoas,
e por ser insostible social, ambiental e economicamente.

9) Derrogar a Lei 5/2017 de Fomento de iniciativas empresariais.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira

Deputados e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 13/07/2018 13:24:26

Antón Sánchez García na data 13/07/2018 13:24:42

Marcos Cal Ogando na data 13/07/2018 13:24:54

Luis Villares Naveira na data 13/07/2018 13:25:02

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **David Rodríguez Estévez, Francisco Casal Vidal, e Antón Sánchez García** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa á aprobación do novo Plan Forestal de Galicia no Parlamento de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Asociacións do sector forestal, sindicatos agrarios, comunidades de montes, organizacións políticas, asociacións ecoloxistas, etc... puxéronse en contacto coa Xunta de Galicia para instala a que a revisión do Plan Forestal de Galicia se fixese de maneira colaborativa, para ser tal de xerar os maiores valores para a sociedade galega.

Unha revisión do Plan que fora capaz de aproveitar as oportunidades dos próximos anos e responder eficazmente aos retos e problemas que presenta.

Porén a Xunta de Galicia non incluíu ningunha das aportacións recibidas e acaba de publicar un Plan Forestal de maneira unilateral.

Isto está a producir un profundo rechazo en todos os sectores afectados, tanto empresarial como socialmente.

Con data do 5 de xullo de 2018, publicouse no DOG a Orde do 28 de xuño de 2018 pola que se aprobou inicialmente a primeira revisión do Plan forestal de Galicia e se abre o trámite de información pública. Nesta dispuña:



- Primeiro. Aprobar inicialmente a primeira revisión do Plan forestal de Galicia, incluíndo o seu estudo ambiental estratéxico.

- Segundo. Publicar esta orde no Diario Oficial de Galicia, no BOE, así como nun xornal de maior circulación na Comunidade Autónoma.

- Terceiro. Someter a información pública a primeira revisión do Plan forestal de Galicia aprobado inicialmente con todos os documentos que o integran, incluído o estudo ambiental estratéxico, durante o prazo de 3 meses contados a partir da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Durante o citado prazo, a documentación da primeira revisión do Plan forestal de Galicia poderá ser examinada na Dirección Xeral de Ordenación Forestal. Así mesmo, tamén poderá ser consultada no enderezo electrónico http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/ordenacion/plan_forestal_de_galicia/

- Cuarto. Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

Nas recomendacións á Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal para a redacción de dito plan feito por sindicatos agrarios, CCMMVVMC, Asoc. Ecoloxistas, Asoc. do Sector Forestal ou organizacións políticas, entre outros, pedíase someter o Plan Forestal de Galicia a consideración e aprobación do Parlamento de Galicia a fin de dotalo da lexitimidade necesaria para asegurar a súa permanencia no tempo, máis esta aportación non foi recollida.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.



O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a someter o Plan Forestal de Galicia á consideración e aprobación do Parlamento de Galicia, segundo o recollido no artigo 142 do Regulamento do Parlamento de Galicia a fin de dotalo da lexitimidade necesaria para asegurar a súa permanencia no tempo.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Fancisco Casal Vidal

Antón Sánchez García

Deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 05/07/2018 18:37:39

Francisco Casal Vidal na data 05/07/2018 18:37:47

Antón Sánchez García na data 05/07/2018 18:37:57



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 11:12
Nº Rexistro: 33214
Data envío: 06/07/2018 11:12:12.370

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á suba dos impostos dos carburantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O alto prezo dos carburantes está a supoñer unha forte dificultade nas economías familiares e empresariais. Porén, segundo sinalan diversas fontes xornalísticas, o goberno do estado está a barallar levar a cabo dúas reformas no Imposto Especial de Hidrocarburos que agravarían esta situación.

Dunha banda, anunciouse que o goberno estuda a “harmonización” do tramo autonómico do imposto sobre hidrocarburos para todas as CCAA, de xeito que se aplicaría en todas o tipo impositivo máximo de 0,48 céntimos o litro, tanto de gasóleo como de gasolina. Este é o que tipo é o que xa se aplica nestes intres en Galiza após a suba de tipos impositivos levada a cabo polo goberno de Feijóo no ano 2013. Na práctica, trátase dunha clara invasión competencial que supón a centralización total do imposto, furtando ás CCAA a posibilidade de modular o tipo en función dos seus intereses ou necesidades.

A outra medida que baralla o Goberno español é a de subir o imposto sobre o gasóleo para igualalo ao da gasolina. Na actualidade o imposto especial sobre as



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 11:12
Nº Rexistro: 33214
Data envío: 06/07/2018 11:12:12.370

gasolinas é de 40,25 céntimos de euro por litro mentres que o do gasóleo, duns 30,7 céntimos. Xa que logo, o litro de gasóleo custaría practicamente 10 céntimos máis de levarse a cabo esta reforma, o que suporía que encher o depósito dun vehículo con motor diésel incrementarase en máis de cinco euros.

Estas medidas terían un impacto especialmente negativo en Galiza, onde os prezos dos carburantes son os máis caros do estado peninsular, mesmo contando cunha refinería na cidade da Coruña, o que debería ter o efecto de abaratar o seu custo. Trátase dun exemplo evidente da irracionalidade e inxustiza dun modelo que debe ser transformado.

No último informe mensual dispoñíbel publicado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica (anteriormente o de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital), que achega datos de maio do 2018, amósanos como o prezo do gasóleo galego é o máis alto do estado peninsular, cun prezo de 126,1 euros o litro, e as catro provincias galegas son tamén as catro provincias peninsulares cos prezos máis caros. O prezo da gasolina é o máis caro entre as comunidades peninsulares, neste caso xunto a Asturias, cun prezo de 134,1 euros o litro.

De feito, hai escasos días anunciouse que a propia Comisión Nacional para os Mercados e Competencia ultima a elaboración das conclusións coas que deberá dilucidar por que os usuarios galegos pagamos o gasóleo e a gasolina máis caras da estado, a pesares de que xa foi instado a facelo hai varios anos.

Xa que logo, sendo conscientes das graves repercusións que terían as medidas anunciadas polo goberno, cremos necesario posicionarnos de xeito que non se leven a cabo e consideramos imprescindible que a Xunta de Galiza adopte tamén medidas no inmediato que alivien a dificultade que supón para o tecido social e económico o alto prezo destes carburantes.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 11:12
Nº Rexistro: 33214
Data envío: 06/07/2018 11:12:12.370

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- Levar a cabo a redución do tipo impositivo no tramo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos de xeito que se retorne aos tipos do 2013.
- Instar ao Goberno do estado a que non leve a cabo as reformas impositivas no Imposto Especial sobre Hidrocarburos que suporían centralizar o tramo autonómico do imposto así como equiparar a tributación do gasóleo co da gasolina.”

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 11:12
Nº Rexistro: 33214
Data envío: 06/07/2018 11:12:12.370

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/07/2018 11:04:19

María Montserrat Prado Cores na data 06/07/2018 11:04:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/07/2018 11:04:28

Olalla Rodil Fernández na data 06/07/2018 11:04:29

Xosé Luis Bará Torres na data 06/07/2018 11:04:31

Ana Pontón Mondelo na data 06/07/2018 11:04:37

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de EN MAREA**, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira** e **Francisco Casal Vidal** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Carme Santos Queiruga**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

As dependencias do arquivo da Audiencia Provincial da Coruña, a antiga Fábrica de Tabacos, inundáronse despois da tromba de auga caída esta fin de semana en todo o país. Unha das zonas máis afectadas pola tromba foron as dependencias do arquivo xudicial da mesma.

Desde a inauguración das dependencias da Audiencia Provincial da Coruña xa se sabía da posibilidade de inundacións por mor de estar por debaixo do nivel do mar, cousa que facilitou a inundación esta fin de semana na que caeron 40,5 litros de auga por metro cadrado.

Na fin de semana, a empresa encargada das labores de mantemento do edificio xa realizara labores de limpeza, salvo no soto que é onde se gardan os arquivos tanto de expedientes abertos como pechados. Estes ademais de estar enchoupados só contaban ca presenza de dúas persoas que se encargaban de recuperar e limpar e organizar, sen que desde a Dirección Xeral de Xustiza ninguén se presentase e avaliasen danos e tomase medidas, cando menos para facilitar máis mans coas que restablecer minimamente a orde.

Dito arquivo está xestionado por 4 persoas, segundo denuncian sindicatos da área de xustiza para un arquivo que da servizo a máis de 30 órganos xudiciais.



Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a

- 1.- Dotar os medios persoais e materiais para restablecer e recuperar os arquivos danados do Arquivo Provincial da Coruña.
- 2.- Avaliar os danos producidos e establecer as medidas para que non volvan a inundarse as instalacións ou cando menos non se mollen os procedementos.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Paula Vázquez Verao
Carmen Santos Queiruga
Deputados, deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/07/2018 12:37:43

Francisco Casal Vidal na data 06/07/2018 12:37:51

Paula Vázquez Verao na data 06/07/2018 12:37:58

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2018 12:38:01

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de EN MAREA**, a través do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

No ano 2017 o Partido Popular bloqueaba unha iniciativa para modificar a Lei 1/2004 para garantir asistencia xurídica e psicolóxica ás mulleres vítimas da violencia machista desde o momento previo á interposición da denuncia.

Isto contrasta despois ca política propagandística levada a cabo polo goberno de apoio ás mulleres cando se denega un dereito tan básico como é o da asistencia xurídica que tería que ser gratuíta para todas elas, e o seu acompañamento e asesoramento desde o momento no que deciden denunciar.

A principal garantía de defensa dos dereitos dunha persoa é garantir o acceso á xustiza, recollido no artigo 24 da Constitución, no que se di que todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que en ningún caso, poida producirse indefensión.

No punto segundo de dito artigo recóllese o dereito á defensa e a asistencia letrada.

O dereito de asistencia xurídica recóllese na Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuíta e no Regulamento de asistencia xurídica de Galicia, no artigo 29 no que se recolle o dereito á asistencia gratuíta e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega



para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Ademais, este dereito faise extensivo na lei 4/2015 do Estatuto da vítima do delito.

As mulleres vítimas de violencia machista viven tamén a violencia económica exercida polos seus agresores, enténdese esta como a privación e/ou redución de recursos económicos á muller ou á familia como xeito de coacción, manipulación ou coa intención de causar dano na súa integridade e a que tamén hai que sumarlle a violencia patrimonial.

Por tanto, as mulleres non dispoñen de recursos para iniciar os procedementos de denuncia e xudiciais, e necesitan ter ese dereito de asistencia xurídica que ten que ser gratuíta para facilitar o acompañamento durante todo o proceso e nos pasos previos ao inicio do mesmo.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir, no ámbito das súas competencias, a asistencia letrada gratuíta a todas as vítimas de violencia de xénero de xeito inmediato en todos os partidos xudiciais de Galicia, mesmo con carácter previo á interposición da denuncia, nos termos recollidos na Lei 4/2015.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Paula Vázquez Verao
Carmen Santos Queiruga
Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/07/2018 13:06:08

Paula Vázquez Verao na data 06/07/2018 13:06:15

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2018 13:06:18

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de EN MAREA**, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira** e **Francisco Casal Vidal** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Unha das principais angustias das mulleres nos procedementos instados por violencia de xénero é non cruzarse cos seus agresores, especialmente nos corredores dos xulgados nos actos da vistas, no mesmo acto de declarar para non ser intimidadas visualmente.

As/ os menores vítimas e testemuñas do proceso de violencia tamén son obxecto dos ataques en moitas ocasións.

Os xulgados de violencia convertéronse no foco de incidentes entre as partes, onde os agresores e os seus familiares e amigos exercen ou tratan de exercer máis violencia contra as denunciante, o cal obriga a reforzar a vixilancia policial.

Esta medida de reforzamento policial non impide a intimidación e a inquedanza das mulleres dos menores nos momentos das vistas, e o temor de atoparse. Fan falta instalacións que permitan o acceso de xeito gradual, dependencias nas que agardar cuns servizos mínimos, e que impidan que denunciante e denunciado se crucen, así como salas específicas para as testemuñas. Instalacións actualmente existentes, como a dos Xulgados de Vigo, están expostas a estas situacións, que non poden agardar pola apertura de novos edificios xudiciais, pois



entre tanto as mulleres vítimas destas violencias sofren día a día este sufrimento adicional, e para elas a reforma chegará tarde. Precisan unha actuación urxente.

É necesario reformar o deseño das instalacións xudiciais para habilitar salas específicas para os denunciados.

Por todo o exposto, este Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Reformar as instalacións xudiciais existentes no noso País, para que estas contén con dependencias separadas para que denunciante e menores, denunciados e familiares non se crucen.
- 2.- Facilitar a comparecencia por videoconferencia desde salas anexas no caso das denunciante.
- 3.- Habilitar dependencias de agarda para menores nas instalacións, apropiadas á súa propia condición de menores.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Paula Vázquez Verao
Carmen Santos Queiruga
Deputados, deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/07/2018 13:14:53



Francisco Casal Vidal na data 06/07/2018 13:15:01

Paula Vázquez Verao na data 06/07/2018 13:15:07

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2018 13:15:11



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 13:26
Nº Rexistro: 33235
Data envío: 06/07/2018 13:26:42.350

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a posibilidade de abrir ao público as prazas de aparcadoiro do Edificio Multiusos da Xunta de Galiza na cidade de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o Concello de Lugo anunciou a apertura ao público, polas tardes, do aparcadoiro que estaba unicamente reservado a persoal do Concello no patio do edificio do antigo Seminario.

Ademais deste espazo de titularidade municipal existen outros espazos que son propiedade do pobo e xestionados por institucións como a Xunta de Galiza ou a Deputación, a Universidade ou outros departamentos estatais.

Desde o BNG instamos as distintas institucións a chegaren a acordos para abrir novos espazos de estacionamento público na cidade, entre os que se atopan as prazas situadas no Multiusos da Xunta, na Ronda da Muralla.

O edificio da Xunta conta cun total de 250 prazas, dividido en dous andares. No edificio da Xunta aparcan coches oficiais do organismo pero é evidente que se podería estudar abrir un dos andares igual que se fixo co aparcadoiro do edificio do Seminario.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 13:26
Nº Rexistro: 33235
Data envío: 06/07/2018 13:26:42.350

Aínda que estas prazas de estacionamento, dos edificios da Xunta, do Concello e outros da Deputación, unicamente funcionen polas tardes supoñen unha importante bolsa de prazas que contribuirían a reducir o tráfico en itinerancia que se produce cos vehículos que circulan en búsqueda de estacionamento.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a estudar a posibilidade de abrir ao público os aparcadoiros do Edificio Multiusos na cidade de Lugo no maior horario posíbel.”

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 13:26
Nº Rexistro: 33235
Data envío: 06/07/2018 13:26:42.350

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/07/2018 13:17:12

María Montserrat Prado Cores na data 06/07/2018 13:17:20

Ana Pontón Mondelo na data 06/07/2018 13:17:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/07/2018 13:17:24

Noa Presas Bergantiños na data 06/07/2018 13:17:26

Xosé Luis Bará Torres na data 06/07/2018 13:17:27

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un ano máis, coa chegada do verán, a Consellería de Sanidade pon en marcha o peche de servizos nos hospitais da rede pública, situación que só empeora as xa alarmantes listas de espera e crea as condicións idóneas para que se sigan a producir os xa coñecidos colapsos nas urxencias.

Así mesmo, consultas e probas de atención especializada vense afectadas pola non cobertura dos permisos do persoal. Circunstancia que afecta tamén ao diagnóstico e o control das diferentes patoloxías.

No CHUAC, o peche de 170 camas está a provocar saturacións en urxencias, con 40 pacientes á espera de ser hospitalizados e 26 esperando no corredor. Ademais, o descenso da actividade cirúrxica provoca aínda máis aumento das listas de espera, todo isto nun contexto de desmantelamento da atención primaria, no que a falta de cobertura dos postos de traballo, tamén aumenta a demora nas citas e obriga a moitas persoas a acudir ás urxencias hospitalarias.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:



- Manter operativos todos os servizos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.
- Levar a cabo unha planificación que sexa capaz de dar unha cobertura axeitada tanto na Atención Primaria como na Atención Especializada.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/07/2018 10:48:31

Luis Villares Naveira na data 09/07/2018 10:48:35

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un ano máis, coa chegada do verán, a Consellería de Sanidade pon en marcha o peche de camas nos hospitais da rede pública, situación que só empeora as xa alarmantes listas de espera e crea as condicións idóneas para que se sigan a producir os xa coñecidos colapsos nas urxencias.

Así mesmo, consultas e probas de atención especializada vense afectadas pola non cobertura dos permisos do persoal. Circunstancia afecta tamén ao diagnóstico e o control das diferentes patoloxías.

Ademais dos servizos hospitalarios, os peches tamén afecta a consultas na atención primaria, tamén coa non cobertura dos permisos vacacionais, aforrando os costes de substitucións, pero afondado na precarización dos dereitos laborais.

Esta situación agrávase cada ano, cun incremento no peche destes servizos. De feito, a estas alturas son xa varios os hospitais e centros de saúde que están a sufrir estas carencias de servizos, existindo denuncias por parte da Xunta de persoal dos respectivos hospitais.



No CHUO, por exemplo, están a denunciar que baixo os eufemismos de “flexibilización da hospitalización ou de camas de expansión” existen unidades baleiras pero doentes amontoados en salas sen ventilación nin intimidade.

No CHOP, a xerencia acaba de anunciar o peche de 80 camas que comezarán en xuño na unidade de lactancia e continuarán durante os meses de xullo, agosto e setembro en outras unidades como medicina interna, pneumoloxía ou traumatoloxía.

No Salnés, o peche estrutural que se produce todos os veráns na terceira planta, está xa a ter as súas consecuencias como a derivación dos partos a Pontevedra.

No CHUAC, o peche de 170 camas está a provocar saturacións en urxencias, consecuencia tamén dun desmantelamento da atención primaria no que a falta de cobertura dos postos de traballa, aumenta a demora nas citas e obriga a moitas persoas a acudir ás urxencias hospitalarias.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:

- Levar a cabo unha cobertura axeitada dos permisos das e dos profesionais que permitan manter os mesmos servizos que o resto do ano.
- Presentar unha planificación a medio prazo para poder contar con profesionais suficientes naquelas categorías e especialidades onde se evidencie carencias dos mesmos.
- Entregar informe aos Grupos Parlamentarios sobre os datos dos servizos pechados durante o verán.



Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/07/2018 11:09:00

Luis Villares Naveira na data 09/07/2018 11:09:14

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo ten a función de realizar investigacións básicas e aplicadas orientadas nas liñas de investigación preferentes dos programas de recursos e tecnoloxías agroalimentarias.

Realiza tamén a labor de transferencia de coñecementos ao sector agrogandeiro. Desenvolve convenios con empresas ou cooperativas do sector para desenvolver liñas de investigación aplicables ao agro en Galiza.

Realiza na actualidade unha labor fundamental, e é indispensable para o futuro do sector e a súa adaptación ás mudanzas necesarias, en cuestións como a conservación da biodiversidade e a investigación de variedades que poidan ser interesantes para o seu cultivo futuro, métodos de produción máis eficientes no uso da auga, menos dependentes dos insumos, etc.

Tendo esta relevancia obsérvase que a Xunta de Galicia está a debilitar o centro negándolle os recursos necesarios para un óptimo funcionamento.

Nos anos de goberno Feijoo non se repuxeron efectivos de persoal investigador e de campo, o que situou o cadro investigador por debaixo do 50% dos efectivos



Tampouco se efectuaron investimentos en maquinaria, instalacións e equipamentos científicos, o que provocou a obsolescencia dos recursos materiais utilizados na investigación

E reduciuse a dotación de fondos propios para o gasto corrente ata case eliminalos.

O goberno galego non atende as necesidades de persoal do centro tanto de investigadores como de persoal laboral para as labores nas fincas e gandeirías.

Das 22 prazas de investigadores 11 están vacantes, e mesmo o centro carece dun especialista na investigación do millo ante a xubilación do probablemente maior experto do país.

A escaseza de persoal dificulta o traballo e a captación de fondos procedentes de proxectos.

A falla da preparación do relevo dos investigadores, común tamén a outros centros de investigación, é outro dos problemas que teremos no futuro.

Tamén existe carestía orzamentaria para a xestión diaria do CIAM reducíndose ata dificultar enormemente a xestión do centro.

Non entendemos que por unha parte de fale da innovación como piar do futuro, ou da lexislatura do rural cando na realidade a Xunta de Galicia leva anos desmantelando e debilitando a investigación, formación e transferencia de coñecementos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dotar de medios persoais e orzamentarios suficientes para o bo desenvolvemento das actividades do CIAM, cubrindo cando menos as vacantes existentes en persoal investigador.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Davide Rodríguez Estévez

Deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/07/2018 11:41:36

David Rodríguez Estévez na data 09/07/2018 11:41:47

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo, Luca Chao Pérez e Julia Torregrosa Sañudo** e do seu deputado **Manuel Lago Peñas**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A economía medra, pero iso non significa que as clases populares estean saíndo da crise. Por unha banda, o crecemento macroeconómico non se traduce nunha mellora económica para as maiorías sociais; por outra, o emprego xerado é de pésima calidade.

A crise, xunto coas políticas de austeridade e as reformas laborais, provocaron que as condicións laborais empeorase enormemente. Agora proliferan os contratos temporais, de xornada parcial non voluntaria, os salarios baixos, as horas extraordinarias non pagadas... Así, non é de estrañar que moitos traballadores sexan pobres a pesar de contar cun emprego. Ter traballo xa non garante acceder a unha vida digna.

Por se fose pouco, a precariedade do emprego impide que este xere dereitos de protección social ao dificultar o acceso á prestación por desemprego, ás pensións por xubilación e ao non contribuír apenas ao sistema de pensións.

Atendendo ao rango de idade, a mocidade foi a máis prexudicada mentres se destruíu emprego e tamén o é agora cando se está a crear. Segundo datos do



Instituto Galego de Estatística, en 2009, rexistrábanse máis de 200.000 persoas entre os 16 e 29 anos que tiñan un posto de traballo en Galicia; a ampla maioría (unhas 180.000), a tempo completo e as restantes 33.000, a tempo parcial. **Case unha década despois traballan en Galicia 80.000 mozas e mozos menos, manténdose o menor número daqueles que traballan a tempo parcial.** Isto refléxase tamén de maneira moi clara nas propias expectativas da xente nova.

Segundo o IV Informe Young Business Talents sobre actitudes e tendencias dos mozos preuniversitarios españois, elaborado polo ESIC e Praxe MMT, os mozos e mozas galegos son os máis pesimistas de España en canto ao emprego para o seu colectivo. Menos do 40% dos estudantes considera que a situación mellorará nos próximos cinco anos, fronte o máis do 47% da media estatal. Isto explica, entre outras cousas, que a mocidade galega sexa a cuarta máis predispоста do Estado a mudarse fora do país para atopar traballo.

As políticas laborais do Partido Popular expulsan a poboación máis nova porque non son quen de ofrecer ningún proxecto sólido de futuro. Urxe, polo tanto, que o Goberno da Xunta mude de rumbo e ofrezca alternativas que permitan fixar á poboación no territorio e ter unha vida digna.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Ampliar a marxe de idade das axudas de primeiro emprego a todas as persoas que aínda non accederan ao mercado laboral.



- Poñer en marcha programas específicos no rural para que os mozos e mozas teñan oportunidades reais de emprego e autoemprego, de tal forma que se favoreza o rexuvenecemento da poboación e se posibilite a fixación da poboación no territorio.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Luca Chao Pérez,
Julia Torregrosa Sañudo,
Manuel Lago Peñas
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 09/07/2018 13:07:17

Luca Chao Pérez na data 09/07/2018 13:07:25

Julia Torregrosa Sañudo na data 09/07/2018 13:07:31

José Manuel Lago Peñas na data 09/07/2018 13:07:39

Luis Villares Naveira na data 09/07/2018 13:07:46



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 13:59
Nº Rexistro: 33270
Data envío: 09/07/2018 13:59:31.697

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación da empresa Motorkar na zona de Ferrolterra, Eume e Ortegá ante o anuncio do seu ERE extintivo e peche e ás actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 26 de xuño coñeceu publicamente a intención da compañía Motorkar, concesionario oficial de Opel para a zona de Ferrolterra, Eume e Ortegá, con instalacións nos concellos de Cabanas e Ferrol, de cesar a súa actividade e presentar un concurso de acredores.

O peche de Motorkar, ademais de continuar unha preocupante tendencia no sector no noso concello e na comarca de Ferrolterra, que sofre unha crise continuada, pon de relevo o dano creado por unha xestión empresarial que non se pode cualificar doutro modo que como temeraria, e que deixa un ronsel de afectadas:

Por unha banda, as 22 persoas traballadoras da empresa, que levan varios meses sen cobrar e que agora serán o obxecto dun Expediente de Regulación de Emprego extintivo que suporá o seu despedimento. Doutra, as máis de 40 clientas do concesionario que adiantaron ou comezaron a realizar os pagos de automóviles polos que nalgúns casos chegaron a depositar até 28.000 euros e que agora Motorkar négase a



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 13:59
Nº Rexistro: 33270
Data envío: 09/07/2018 13:59:31.697

entregar, a pesar de, nalgúns casos, os ter xa no seu poder, pois non ten fondos para os matricular.

Por último, toda a clientela das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, que agora terán o servizo oficial máis próximo en Betanzos, tendo que realizar desprazamentos moito maiores do que até o de agora.

As dificultades económicas da empresa eran coñecidas polos seus xestores desde hai máis dun ano, o período que Motorkar leva dilatando a matriculación dos automóbiles das persoas que levan máis tempo sendo afectadas, e mentres tanto non fixo nada por evitalo, senón que continuou a súa actividade deixando de pagar aos traballadores e aumentando número de persoas afectadas ao vender automóbiles sabendo que nunca os podería entregar.

Por último, cabe destacar o papel da Opel e da súa financeira Cetelem, que non se corresponsabilizan do ocorrido e que poderían retirar os automóbiles das persoas afectadas das instalacións de Motorkar para cobrar os créditos pendentes destas.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Tomar as medidas necesarias para favorecer unha solución satisfactoria para o persoal de Motorkar, intercedendo para que o persoal cobre os salarios adebedados na súa integridade.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 13:59
Nº Rexistro: 33270
Data envío: 09/07/2018 13:59:31.697

2. Iniciar a través do Instituto Galego de Consumo a dispoñibilizar os seus recursos para o asesoramento da clientela afectada así como a iniciar a correspondente investigación para acelerar a entrega dos automóviles ou a devolución das cantidades adiantadas ás persoas clientas afectadas.

3. Instar á compañía Opel a corresponsabilizarse da situación e colaborar na súa solución satisfactoria.”

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/07/2018 13:57:29



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 13:59
Nº Rexistro: 33270
Data envío: 09/07/2018 13:59:31.697

María Montserrat Prado Cores na data 09/07/2018 13:57:34

Ana Pontón Mondelo na data 09/07/2018 13:57:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/07/2018 13:57:37

Olalla Rodil Fernández na data 09/07/2018 13:57:38

Xosé Luis Bará Torres na data 09/07/2018 13:57:40

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, Luís Manuel Álvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández, e da súa deputada, Maria Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A principios do mes de xaneiro de 2017 poñíase en funcionamento un tramo da VAC (Vía de Alta Capacidade) CG 2.3, que evita o paso pola localidade lucense de Xove.

Esta vía, longamente demanda pola veciñanza no norte da provincia de Lugo, entronca necesariamente coa estrada LU-862, en tanto non estea rematada na súa totalidade.

Poucos días despois de poñerse en funcionamento o tramo, os veciños do lugar de Beltrán, que é onde remata de momento a CG 2.3 (ou o seu acceso) presentaban un escrito asinado por 72 persoas nas que demandaban que se dese algunha solución o problema xurdido coa construción da glorieta da LU-862, problema que deriva de que esta glorieta divide o núcleo de Beltrán e tamén un camiño veciñal chamado “A Meixoeira” que empregan para dirixirse ás súas fincas e co seu gando, que quedou tamén cortado pola nova glorieta.

A situación descrita ponse en evidencia coa seguinte fotografía aérea:



Ante a situación descrita, a veciñanza o único que pide é unha solución que garanta a súa seguridade, poñendo pasos de peóns debidamente sinalizados polos que cruzar a vía



Grupo Parlamentario

de acceso á VAC e tamén ao camiño veciñal; entendemos que é unha demanda máis que razoable e que carece de toda complexidade e custo para a Administración autonómica.

Pese ao anterior, ningún tipo de resposta se lles ten dado en máis dun ano a este colectivo, motivo polo que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego que dea unha solución inmediata ás demandas da veciñanza de Beltrán (Xove) que mellore a seguridade na glorieta sinalada, conforme aos criterios e medidas que se establecen no Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020.

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/07/2018 12:51:47

Raúl Fernández Fernández na data 10/07/2018 12:51:56

María Luisa Pierres López na data 10/07/2018 12:52:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/07/2018 12:52:16

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa de **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/2010, de 31 de marzo, Xeral da Comunicación Audiovisual, dispón, no seu artigo 8, sobre os dereitos das persoas con discapacidade, que “as persoas con discapacidade auditiva teñen o dereito a que a comunicación audiovisual televisiva, en aberto e cobertura estatal ou autonómica, subtitule o 75% dos programas e conte polo menos con dúas horas á semana de interpretación con lingua de signos”.

Na Memoria sobre a execución da función de servizo público da CRTVG correspondente ao ano 2017, entregado ao Parlamento de Galicia o 10 de xullo de 2018, infórmase sobre o número de horas emitidas con subtitulado para persoas xordas, que serían as seguintes:

- en programas, na TVG, 1.101 horas subtituladas.
- na TVG2, 1.935 horas subtituladas.

Entre esta programación subtitulada, están 13 series de animación, 3 series de ficción no prime time (“Pazo de Familia”, “Serramoura” e “Viradeira”), 13 programas divulgativos e de entretemento, ademais de películas de cine e documentais.



En canto a lingua de signos, en total, di o informe, “emitíronse 289 horas en lingua de signos, 281 delas correspondentes a 260 telexornais”.

No que respecta ao subtulado, a TVG emite diariamente un informativo, o Galicia Noticias Mediodía, xusto antes do Telexornal Mediodía, cunha duración de 30 minutos, o que suma 130 horas ao ano.

Así pois, en canto a subtulado para persoas xordas, o conxunto da TVG emite, segundo este informe, un total de 3.166 horas, o que supón (calculando en 22.500 o número total de horas a partir dos datos do informe, aínda que non se especifican) o 14,07 %, máis de 60 puntos por debaixo do estipulado na norma estatal.

O dereito á accesibilidade universal é un dos principios establecidos pola Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade da ONU, ratificada polo Estado español en 2008. A subtulación e a dobraxe en lingua de signos é un dereito das persoas xordas galegas para poder acceder en igualdade de condicións aos contidos audiovisuais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar, xunto coa CRTVG, un plan para aumentar o número de subtulación para persoas xordas na TVG até cubrir o 75% da programación total antes de 2020.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018.



Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 10/07/2018 18:53:32

Luis Villares Naveira na data 10/07/2018 18:53:38

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a través dos seus deputados **Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas xordocegas son un colectivo numeroso e invisible no noso país e no resto do Estado. Estímase, segundo as asociacións e entidades que traballan neste eido, que en Galicia hai unhas 13.000 persoas con diversidade audiovisual. No Estado español, estímase que a cifra acada as 250.000 persoas, aínda que pode haber máis porque non hai un censo oficial específico.

Segundo o censo de persoas con discapacidade en Galicia a último día de 2017, había, con discapacidade recoñecida, no noso país, 23655 persoas con discapacidade visual e 26037 con discapacidade auditiva, pero carécese de datos oficiais sobre as persoas xordocegas.

O Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, que aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos de persoas con discapacidade e da súa inclusión social recolle os dereitos das persoas con diversidade funcional, entre os que se atopan as persoas con discapacidade auditiva e visual e que son un colectivo moi numeroso e no que non existe a plena integración na sociedade en xestos tan cotiáns como ir mercar.

Nos supermercados son mínimos os produtos que teñan indicación sobre o produto que están a vender. Para unha persoa sen discapacidade é fácil recoñecer un produto con ver o bote ou con oír un son, sons e visións dos que estas persoas



carecen, por iso é necesario aplicar mecanismos que lles permitan saber que tipo de produtos están mercando.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para aplicar a todos os produtos un sistema de identificación en sistema braille que indique o contido do produto, así como a instalación de códigos e lectores dos mesmos que indiquen mediante sons de que produtos se trata.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 10/07/2018 19:16:23



Luis Villares Naveira na data 10/07/2018 19:16:28

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre o uso da “Casa da Pedraqueira”, no lugar de Ribeira, Reis, no Concello de Teo, propiedade da Xunta de Galicia por parte dun particular.

Exposición de motivos.

A Xunta de Galicia é titular dunha vivenda coa referencia catastral 002201700NH33F001MR e de superficie de 120 metros cadrados integrada nunha finca denominada a Pedraqueira, que ten unha superficie de 3.262 metros cadrados, sita no lugar de Ribeira, parroquia de Reis, concello de Teo.

O ben consta no Inventario Xeral de bens e dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia co código C1534, inmovble adscrito ao Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra para a vixilancia de ríos.

Dito inmovble ten carácter demanial ao estar afecto ao dominio público, e adscrito organicamente a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a quen lle corresponden as facultades de administración, xestión e conservación do ben.

A lei 5/2011 do 30 de setembro de Patrimonio de Galicia establece o réxime xurídico dos bens e dereitos que integran o Patrimonio de Galicia e que regulan



as autorizacións especiais de uso en precario sobre bens afectos ou adscritos segundo o recollido no artigo 37.

Este inmovble viña usándose como vivenda para os Axentes forestais que vixiaban os coutos do salmón do río Ulla.

Nun informe emitido pola Directora Xeral de Conservación da Natureza con data de 8 de marzo de 2016, indícase que a situación do inmovble é ideal para usarse como centro de traballo do persoal do ZEC ULLA-DEZA, e no que recolle que non existe ningunha normativa no ámbito da Conservación da Natureza que faculte que unha edificación da administración poida ser ocupada por traballadores a nivel de vivenda particular unifamiliar.

A Asociación Profesional dos Axentes Forestais e Medioambientais de Galicia formulou unha queixa ante a Valedora do Pobo, por razón do uso de xeito irregular e consentido por parte das administración pública deste ben inmovble coñecido como a “Casa de Pontevea” ou “Casa da Pedragueira”, no lugar de Ribeira, Reis, no Concello de Teo, da Xunta de Galicia por parte dun particular.

Esta vivenda usábase tradicionalmente como residencia para os axentes forestais que atendían os coutos e aproveitamentos de perca no río Ulla. Ata o ano 1997 estivo ocupada por un axente forestal que a deixou libre á data da súa xubilación. Posteriormente foi reformada e entregada a unha persoa que forma parte do cadro de persoal laboral da Xunta de Galicia, e que consta como encargado.

No ano 2016 solicitouse por escrito que se autorizase o uso como vivenda da casa mentres se prestasen servizos como axente facultativo medioambiental na zona do ría Ulla, solicitude que se desestimou por resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio na data de 10 de xuño de 2016 e na que se sinala *“a idoneidade do inmovble para empregarse como centro de traballo do persoal que exerce as súas función na ZEC Sistema Fluvial Ulla-Deza e na actualidade non existe ningunha normativa*



no ámbito da conservación da natureza nin na lexislación laboral correspondente que faculte que unha edificación da administración poida ser ocupada por persoal traballador”. Así conforme á Lei de Patrimonio da Xunta de Galicia non é posible outorgar unha autorización para empregar o inmovible como vivenda.

Fronte a esta resolución da secretaría xeral técnica presentouse recurso de reposición de data de 27 de xuño de 2016, no que se solicitaba que se este uso como vivenda non era compatible coa normativa vixente na materia que se desafiuzase a persoa ocupante e recuperar a edificación como centro de traballo segundo o informe da Dirección Xeral de Conservación ou ben se o uso é compatible co de vivenda que se procedese a por a disposición da axente facultativa medioambiental que solicitara o seu uso como tal e como se viñera facendo de xeito consuetudinario.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio dificulta a labor da Valedora do pobo na tramitación e resolución desta queixa presentada por APRAFOGA.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a restablecer o uso do inmovible como base operativa para o persoal e medios adscritos ao Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra, que exercen as súas funcións e cometidos no ZEC Ulla-Deza do Distrito XVI.



Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 11/07/2018 10:50:30

Luis Villares Naveira na data 11/07/2018 10:50:41

Antón Sánchez García na data 11/07/2018 10:50:49

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais ten que ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Nas sete principais cidades de Galicia hai abertas 7 oficinas de atención psicolóxica a vítimas de violencia machista. Entre o 24 de novembro e o 31 de decembro de 2017 este servizo cubriuse mediante un convenio entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co Colexio Oficial de Psicología de Galicia, ata que a Consellería decidiu -a finais de 2017- sacar a concurso as 7 prazas e non renovar o convenio de colaboración. A raíz da denuncia deste grupo parlamentario e da súa pregunta rexistrada o 31 de xaneiro, o propio vicepresidente dicía en sede parlamentaria que este servizo comezara a funcionar o día 1 de marzo de 2018.

Efectivamente así foi: revisado o expediente remitido polo Goberno galego despois de pedilo, resulta que os contratos se celebraron inicialmente por un mes e logo cunha prórroga de 6 meses máis, de forma que Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza contratou temporalmente como persoal laboral temporal, na modalidade de acumulación de tarefas, a 7 persoas licenciadas en Psicología, que tomaron posesión do seu cargo o día 1 de marzo, despois de 7 chamamentos telefónicos urxentes.

Grupo Parlamentario

É dicir, que o convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia durou escasamente UN MES en 2017, o servizo estivo dous meses baleiro durante 2018 e as vítimas sen atención nas 7 oficinas xudiciais. Esa é a preocupación real do Goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a prestar atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista nas dependencias xudiciais de maneira prioritaria e a través dun servizo permanente, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/07/2018 13:12:04

María Luisa Pierres López na data 11/07/2018 13:12:11

Julio Torrado Quintela na data 11/07/2018 13:12:16

María Dolores Toja Suárez na data 11/07/2018 13:12:21



 **Grupo Parlamentario**

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/07/2018 13:12:28

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/07/2018 13:12:33

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/07/2018 13:12:35

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Hai xa varios anos que o xefe territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra facía anuncio do arranxo integral da estrada autonómica PO-234, expropiacións incluídas, e hai agora 2 anos confirmaba que a execución se faría por fases comezando polo tramo entre Ponte Caldelas e Laxoso, o máis perigoso por incluír varias curvas cegas e no que se asenta un maior volume de poboación. Por esta estrada pasan diariamente numerosos vehículos e ata o autobús escolar, vehículos que, polo seu volume, vense obrigados a invadir o carril contrario, provocando algún accidente e poñendo en perigo a integridade de veciñas e veciños que circulan por ela e que reiteradamente teñen reclamado a ampliación da calzada de ata 7 metros e unha senda peonil nun lateral no pobo de Laxoso. Á execución deste proxecto tamén se comprometeron nas sucesivas eleccións os dous ex alcaldes de Ponte Caldelas e Cotobade, mais na última campaña autonómica a conselleira de Infraestruturas e Vivenda anunciou que comezarían polo tramo entre Augasantas (Cerdedo-Cotobade) e Portasouto (Ponte Caldelas), estradas con tráfico moi inferiores e sen ningún accidente rexistrado nos últimos 5 anos.

Respecto da PO-234 comezouse cun procedemento de expropiación que amosou dificultades na identificación das parcelas, polo que o Concello de Ponte Caldelas propuxo un convenio no que asumiría o pago de ata un máximo de 40 000 euros para compensar á Xunta de Galicia polas expropiacións desta estrada autonómica, proposta de convenio do que aínda nada se sabe pero que, polo visto, gustou á conselleira, pois anunciouno para Cerdedo-Cotobade e a obra licitada na PO-230.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que acepte e asine, neste ano 2018, o convenio proposto polo Concello de Ponte Caldelas polo que el mesmo se encargará das expropiacións para a reforma da estrada PO-234, que une o Concello de Ponte Caldelas e o novo Concello de Cerdedo-Cotobade e pasa polo pobo de Laxoso.

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/07/2018 13:16:14

Raúl Fernández Fernández na data 11/07/2018 13:16:19

María Luisa Pierres López na data 11/07/2018 13:16:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/07/2018 13:16:28

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado 28 de xuño do 2018 foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, con carácter plurianual.

Estas axudas atenden principalmente dúas liñas:

- a) Liña A, axuda ao alugamento de vivenda: a súa finalidade é facilitar o desfrute dunha vivenda en réxime de alugamento a sectores de poboación con escasos medios económicos, mediante a concesión de axudas directas ás persoas inquilinas. Con contías de acuda dun 40 % da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento. Para aqueles con máis de 65 anos, esta axuda será do 50 %.
- b) Liña B, axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente: a súa finalidade é facilitar o acceso ao desfrute dunha vivenda digna e adecuada, en réxime de alugamento, a persoas menores de 35 anos con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas inquilinas. A contía da axuda será do 50 % da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento.

Grupo Parlamentario

A renda mensual da vivenda obxecto do contrato de alugamento non poderá superar, segundo se explicita no artigo 6, os seguintes importes, dependendo do concello en que estea situada:

Zona territorial	Importe da renda mensual de alugamento	Concellos
Prezo máximo superior	500 €	A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra.
Zona territorial 1	400 €	Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Ferrol, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro. Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.
Zona territorial 2	300 €	O resto de concellos de Galicia.

No artigo 11 do Plan estatal de vivenda en referencia ás persoas beneficiarias se especifica no seu apartado d) que a vivenda obxecto do contrato de arrendamento o sexa por unha renda igual ou inferior a 600 euros mensuais, sen prexuízo dos supostos previstos no artigo seguinte.

No artigo 12, que fai referencia á “Modificación del límite de ingresos de la unidad de convivencia y de la renta máxima mensual”, di que “As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla poderán reducir nas convocatorias de axudas o límite máximo de ingresos da

Grupo Parlamentario

unidade de convivencia e a renda máxima mensual establecidos no artigo anterior, en función das circunstancias demográficas ou económicas e de hacinamento ou sobreocupación que a seu xuízo o aconsellen. Ase mesmo, poderán fixar un límite mínimo de ingresos que deba acreditar a unidade de convivencia para acceder á axuda “

Polo tanto , no caso de Galicia, o límite de renda máxima habitual de 600 euros mensuais foi reducida por decisión da propia Xunta de Galicia a un máximo de 500 euros mensuais, sen que se teña claro o porqué desta decisión , especialmente nas cidades con maior demanda e alugueiros máis altos.

Se atendemos ós prezos medios de alugueiro de vivendas en Galicia, do primeiro trimestre do 2018, nas principais cidades, son os seguintes:

Pontevedra: 5,9 €/m²

Vigo: 8,3 €/m²

Ourense: 5 €/m²

A Coruña: 7,2 €/m²

Santiago: 5,8 €/m²

Lugo: 4,8 €/m²

Se atendemos a eses prezos medios e superficies máximas para alugar, vese como na cidade de Vigo, unha persoa pode optar como máximo a unha vivenda de 60 metros cadrados, mentres que na cidade de Ourense a vivenda media sería de 100 metros cadrados.

Na cidade de Vigo, unha vivenda de 80 metros cadrados ten un custo medio de 664 €. O que excede, con moito, incluso a posibilidade que contemplan as bases das axudas de incrementar un 20 % a contía máxima para familias numerosas ou integrantes dunha unidade de convivencia que precise unha vivenda adaptada para algún dos seus membros, e que como máximo se situaría en 600 €.

Grupo Parlamentario

Isto dá boa idea das marcadas diferencias entre cidades, e sobre todo a falta de realismo coa situación que se vive nas dúas grandes cidades de Galicia, Vigo e A Coruña.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Proceder á revisión urxente do artigo 6 da Orde do 22 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e que, baseada en datos actualizados, contemple o aumento do límite máximo de renda mensual de alugueiro en varios concellos, especialmente nas cidades coa demanda e prezos máis altos de toda Galicia, como son A Coruña e Vigo.
2. Promover antes do final de 2018, por parte do Observatorio Galego de Vivenda, en colaboración co IGE a elaboración e posterior publicación de datos estatísticos actualizados de prezos medios de alugueiro de vivendas en toda Galicia.

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López

Raúl Fernández Fernández

Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 11/07/2018 14:27:15

Raúl Fernández Fernández na data 11/07/2018 14:27:20

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/07/2018 14:27:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/07/2018 14:27:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** a través dos seu deputados **Davide Rodríguez Estévez e Marcos Cal Ogando**, e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre o estado da auga de consumo do Concello de A Merca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado mes, o Concello de A Merca, recomendou, vía bando, ás veciñas e veciños do concello, non facer uso da auga de abastecemento para consumo humano, ou sexa, nin para beber nin para cociñar con ela, por mor dos altos niveis de trihalometanos que contén.

Os trihalometanos (THM) son compostos químicos volátiles que se xeran durante el proceso de potabilización da auga pola reacción da materia orgánica. Moitos trihalometanos son considerados perigosos para a saúde e o medio ambiente e incluso poden chegar a ser canceríxeno.

Varios estudos epidemiolóxicos relacionan a exposición prolongada ós THM con cancro de vexiga. Segundo a Organización Mundial da Saúde, la exposición a estas sustancias supón un risco de un caso de cancro por 100.000 persoas que consumen auga nun período mínimo de 70 años. Ademais, exposicións prolongadas tamén poden afectar o embarazo, provocando abortos espontáneos, peso baixo o nacer ou crecemento intrauterino retardado.

No ano 2015, se restrinxiu o consumo de auga en cinco municipios de Ferrolterra polo aumento do trihalometano. Dende o ano 2009 estableceuse un límite máximo de 100 microgramos de THM por litro para que a auga sexa apta para o



consumo. No caso de Ferrol unha primeira proba detectou 180 microgramos por litro dese compoñente.

Segundo un documento difundido por la Axencia de Salut Pública de Barcelona, as actividades diarias de consumo de auga, a ducha ou bañarse nunha piscina tamén poden axudar a exposición total.

A presenza de THM na auga de abastecemento no Concello de A Merca non é nada novo, xa que outros anos aconteceu o mesmo.

Nunha recente visita o propio concello, puidemos observar como a estación de bombeo se atopa a escasos metros por debaixo da planta de transformación eléctrica, ca posible contaminación cando fan labores de mantemento e vertido de aceites ou outras sustancias o río, o que altera a calidade da auga, por non falar do dano medioambiental que están a facer no río Arnoia.

Nalgunhas parroquias como Fontao a situación agrávase debido as filtracións, posiblemente de augas procedentes da rede de saneamento que contaminan pozos particulares e a fonte pública sita no fondo da vila.

En analíticas feitas nesta vila o día 11 de xuño do ano 2017, os enterococos UFC por cada 100 ml daba un resultado de 2, namentres que o 25 de maio do presente 2018, no mesmo punto de mostra, os enterococos UFC por cada 100 ml, daba un resultado de 30. Incrementouse este parámetro en 28 puntos en menos de un ano.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:



1. Dada a incapacidade do Concello de A Merca para arranxar o problema, destinar recursos humanos, materiais e económicos, tanto para atallar o problema de salubridade da auga de abastecemento así coma a do estado das fontes da aldea de Fontao.
2. Facer unha auditoría dos traballos de mantemento e xestión de residuos a empresa que xeradora de enerxía sita o carón da estación de bombeo.
3. Inspeccionar as instalacións para comprobar que o funcionamento/mantemento desta é correcto e informar ás e os deputados do resultado da mesma.

Santiago de Compostela a 11 de xullo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 11/07/2018 17:47:39

Marcos Cal Ogando na data 11/07/2018 17:47:48

Luis Villares Naveira na data 11/07/2018 17:47:55

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través dos seus deputados e deputadas **Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo, Manuel Lago Peñas, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Francisco Vidal Casal, Marcos Cal Ogando, Magdalena Barahona Martín, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García e Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende hai máis de catro anos, o sindicalismo de clase convoca mobilizacións e concentracións en Vigo para pedir o indulto dos traballadores Carlos Rivas e Serafín Rodríguez, que foron condenados a tres anos de prisión ao aplicárselles o artigo 315.3 do Código Penal, atentando contra os dereitos da clase traballadora, cando estaban a participar nun piquete informativo legal nunha folga do sector do transporte en 2008.

A situación de Carlos e Serafín, lonxe de ser unha anécdota, é exemplo do aumento da represión sobre os dereitos da clase traballadora dende o inicio da crise global de 2008, habendo centos de persoas traballadoras con causas penais, nunha criminalización do dereito á folga.

En decembro de 2013, o Consello de Ministros denegoulles a Carlos e Serafín a concesión de indulto que solicitaran as centrais sindicais CIG, UGT e CCOO, xunto co aval de milleiros de sinaturas da cidadanía galega, o que motivou unha



nova petición de indulto, que recibiu o apoio unánime do Parlamento de Galicia en febreiro de 2014.

Carlos Rivas e Serafín Rodríguez seguen condenados e pendentes de que se resolva a segunda petición de indulto, feito polo que o Parlamento de Galicia reiterou a solidariedade con eles e coas súas familias e pronunciouse a favor de que o Consello de Ministros tome en consideración inmediatamente a petición de indulto parcial para Carlos Rivas e Serafín Rodríguez coa finalidade de evitar o seu ingreso en prisión, a través dunha declaración institucional na sesión plenaria do 14 de decembro de 2016.

O 26 de febreiro de 2018, o Goberno de España respondeu a En Marea que coa modificación do Código Penal no ano 2015, posterior á condena destes dous traballadores, a nova pena mínima prevista reduciuse de 3 anos e un día de prisión, que fora a imposta, a 1 ano e 9 meses de prisión ou pena de multa de 18 a 24 meses. Deste xeito, ao carecer de antecedentes penais, os dous traballadores non se verían na obriga de entrar no cárcere, pero a condena segue a ser inxusta, toda vez que foron condenados sen que existise unha denuncia contra eles nin que se constatasen danos materiais nin persoais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Trasladar ao Goberno do Estado a solidariedade do Parlamento de Galicia con Carlos Rivas e Serafín Rodríguez e coas súas familias.
2. Trasladar ao Goberno do Estado a petición de que o Consello de Ministros tome en consideración a petición de indulto total para Carlos Rivas e Serafín Rodríguez.



Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 11/07/2018 19:23:34

Paula Vázquez Verao na data 11/07/2018 19:23:42

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/07/2018 19:23:44

Carmen Santos Queiruga na data 11/07/2018 19:23:47

Antón Sánchez García na data 11/07/2018 19:23:49

Eva Solla Fernández na data 11/07/2018 19:23:52

Luca Chao Pérez na data 11/07/2018 19:23:54

Paula Quinteiro Araújo na data 11/07/2018 19:23:57

Magdalena Barahona Martín na data 11/07/2018 19:24:00

José Manuel Lago Peñas na data 11/07/2018 19:24:03

Francisco Casal Vidal na data 11/07/2018 19:24:05

David Rodríguez Estévez na data 11/07/2018 19:24:08

Marcos Cal Ogando na data 11/07/2018 19:24:11



Julia Torregrosa Sañudo na data 11/07/2018 19:24:14



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:07
Nº Rexistro: 33381
Data envío: 12/07/2018 11:07:29.382

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao cumprimento da Xunta de Galiza e das empresas dela dependentes da lexislación vixente en materia de igualdade e non discriminación laboral e salarial por razón de sexo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de que as traballadoras do servizo de limpeza da Xunta fixeron o pasado 29 de xuño de 2018 entrega dun escrito nas instalacións do goberno que estaba dirixido á Secretaría Xeral de Igualdade así como á Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Mediante estes escritos, facían coñecedora á Xunta de Galiza da súa situación de discriminación laboral así como da demanda da súa implicación para levar a cabo as actuacións necesarias para comprobar os feitos e velar polos cumprimento efectivo tanto dereitos laborais como do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Para isto, sería preciso que se corrixa a situación actual, na que a empresa concesionaria, Grupo Norte, ascendeu á categoría de peón especialista aos homes que aínda non a posuían, facéndoo de maneira discriminatoria coas mulleres, de maneira unilateral e sen consultalo e comunicalo ao Comité de Empresa. Neste sentido,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:07
Nº Rexistro: 33381
Data envío: 12/07/2018 11:07:29.382

sería preciso e urxente e que todas as mulleres con categoría de limpadora e cun trienio de antigüidade vexan recoñecida a categoría de peoa especialista.

Porén, desde entón a Xunta de Galiza non iniciou nin unha soa actuación e o pasado 11 de xullo as traballadoras manifestábanse ás portas do Parlamento Galego rexistrando un escrito dirixido aos grupos nos que facían constar o seguinte: “queremos trasladarlles que a pesar de ter sido recibidos o pasado mes de xuño por representantes da menciona Consellería, a día de hoxe todos os feitos denunciados, así como a situación de discriminación por razón de xénero, séguense sen aclarar e/ou solucionar.”

Coñecida esta situación, que o Bloque Nacionalista Galego entende de máxima gravidade, é preciso que a Xunta de Galiza explique as actuacións levadas a cabo, se as houber, e inicie as actuacións precisas na procura dunha solución. Cómpre recordar que se ben son moitos os tipos de discriminacións que sufrimos as mulleres galegas en todos os ámbitos da nosa vida, o económico-laboral ten importantes consecuencias, pois determina en boa parte e a capacidade para evitar outras. Así mesmo, non é de recibo que unha contratación sufragada con diñeiro público e pola administración pública, como é o caso desta concesión, incumpra as directrices recollidas no Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Galiza en materia de igualdade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a levar a cabo as actuacións necesarias para demandar da empresa concesionaria Grupo Norte unha solución ao conflito de discriminación laboral por razón de sexo consensuada coa representación



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:07
Nº Rexistro: 33381
Data envío: 12/07/2018 11:07:29.382

legal das traballadoras. No caso de non acadarse no prazo que esta estime oportuno, iniciará os trámites conducentes a expedientar á empresa e rescindir o contrato favorecendo a subrogación das traballadoras á seguinte concesión.”

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/07/2018 10:59:07

María Montserrat Prado Cores na data 12/07/2018 10:59:12

Ana Pontón Mondelo na data 12/07/2018 10:59:13



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:07
Nº Rexistro: 33381
Data envío: 12/07/2018 11:07:29.382

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/07/2018 10:59:15

Olalla Rodil Fernández na data 12/07/2018 10:59:17

Xosé Luis Bará Torres na data 12/07/2018 10:59:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33387
Data envío: 12/07/2018 11:39:26.153

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa as medidas a tomar diante da falta de persoal no Centro de Saúde de Soutomaior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa ben tempo que no concello de Soutomaior estamos a vivir serios problemas con respecto á sanidade pública. Problemas que afectan de maneira directa á veciñanza e que son froito dos recortes do PP en materia de sanidade. Problemas que se concretan en carencias de servizos sanitarios importantes, en semanas enteiras e mesmo meses nos que os veciños quedan sen cobertura pediátrica no concello xa que o SERGAS non cubre as vacacións, en esperas de varias horas nos nosos centros de saúde, ou no feito de que haxa veciños que non poden darse de alta nos centros na atención primaria de Arcade porque os cupos están saturados.

Por iso, dende o BNG levamos adiante diferentes iniciativas para solucionar esta realidade. Medidas propositivas para tratar de mellorar esta situación como a recollida de sinaturas para demandar servizo de pediatría e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33387
Data envío: 12/07/2018 11:39:26.153

diferentes iniciativas municipais e parlamentarias esixindo a solución destes problemas.

Hai xa tres semanas que o representante municipal do BNG escribiu unha carta urxente ao alcalde deste concello proponendo un acordo de todos os grupos municipais para a defensa da sanidade pública. Nesta proposta solicitábase algo tan necesario e evidente como unha xuntanza de todos os grupos co conselleiro de sanidade para dende o acordo e a unidade resolver os problemas da sanidade pública de Soutomaior. Semanas despois, o alcalde nin sequera se molestou en contestar nunha actitude que, sen dúbida, a veciñanza non merece.

Ante ao silencio do PP de Soutomaior e a pasividade do PP na Xunta, @s veciñ@s padecen unha situación de desmantelamento da sanidade que ten graves consecuencias para o servizo sanitario. Hoxe por hoxe os médicos de Soutomaior teñen que atender ata a 65 pacientes por día.

Temos que ver como nun concello con 7400 habitantes temos tan só dous médic@s a xornada completa e outro na práctica con xornada parcial cando en concellos veciños de 6000 habitantes hai ata 4 médicos.

Temos que ver como nun centro con alta demanda como é o de Arcade, o servizo de pediatría desaparece durante semanas enteiras porque o SERGAS non cubre as baixas.

Temos que ver como @s veciñ@s teñen que agardar durante horas para ser atendidos por mor da saturación das consultas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33387
Data envío: 12/07/2018 11:39:26.153

Temos que ver como as citas se demoran durante días e mesmo dunha semana para outra nas épocas de máis saturación.

Temos que ver como os cupos sanitarios están desbordados e superan con moito as recomendación dos colectivos profesionais como a Sociedade Española de médicos de familia que recomenda un máximo de 1200 pacientes por médico cando en Soutomaior hai ata 1800.

Temos que ver como hai veciñ@s quen non poden darse de alta no seu centro de saúde porque os cupos están saturados e non admiten máis pacientes.

Temos que ver mesmo como o centro de saúde queda sen ningún médico porque @ únic@ titular que estaba no día ten que saír a atender urxencias, co risco evidente que iso implica para a poboación no caso dunha urxencia vital.

E por se isto non fose dabondo, temos que ver como nestes días o SERGAS acaba de facer público que o centro de saúde de Soutomaior estará sen ningún médico durante varios días neste mes de xullo e a única solución que se lle dá aos pacientes é que se hai algunha urxencia acudan ao PAC da Parda, a máis de 15 km de distancia.

Ante esta situación que padecen @s veciñ@s de Soutomaior a resposta das administración responsables é sempre a mesma: o goberno local cala, non tramita as mocións en defensa da sanidade pública que se aproban no pleno e nin sequera contesta ás cartas dos representantes do BNG para reunirnos cos responsables do SERGAS. Pola súa banda, o PP da Xunta impide constantemente estas melloras que precisan @s veciñ@s votando en contra das emendas aos



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orzamentos da Xunta presentadas polo BNG ou votando en contra de iniciativas parlamentarias do BNG que pedían máis médicos para Soutomaior.

A veciñanza de Soutomaior, farta desta situación, saíu á rúa o pasado 29 de outubro nunha importante mobilización que demanda estas melloras tan reais como necesarias para a sanidade de Soutomaior. Mobilizacións que se verán na obriga de continuar, se o Partido Popular non atende estas demandas xustas e urxentes da veciñanza de Soutomaior. Cremos que é obriga dunha administración responsábel e sensibilizada coa sanidade pública, atender esta grave situación.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Que manteña o servizo médico no centro de saúde de Soutomaior nos días 16, 17 23, 26 e 27 de xullo nos que o SERGAS anunciou que quedaría sen médicos.

Que dote ao concello de Soutomaior do número de médicos necesarios até completar como mínimo catro xornadas completas, de maneira que se garanta unha atención sanitaria digna para a veciñanza.

Que dote de tod@s @s sanitari@s necesari@s para atender á poboación (enfermeir@s, auxiliares, celadores,etc)



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33387
Data envío: 12/07/2018 11:39:26.153

Que cubra as baixas de tod@s @s profesionais, especialmente d@s
médic@s de familia e @s Pediatras para garantir que nun centro de alta demanda
@s veciñ@s teñan garantido o acceso ao servizo.”

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/07/2018 11:31:15

Noa Presas Bergantiños na data 12/07/2018 11:31:19



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33387
Data envío: 12/07/2018 11:39:26.153

Olalla Rodil Fernández na data 12/07/2018 11:31:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/07/2018 11:31:29

Xosé Luis Bará Torres na data 12/07/2018 11:31:39

Ana Pontón Mondelo na data 12/07/2018 11:31:42

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **David Rodríguez Estévez, Francisco Casal Vidal, e Antón Sánchez García** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.ª**, relativa á aprobación do novo Plan Forestal de Galicia no Parlamento de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Asociacións do sector forestal, sindicatos agrarios, comunidades de montes, organizacións políticas, asociacións ecoloxistas, etc... puxéronse en contacto coa Xunta de Galicia para instala a que a revisión do Plan Forestal de Galicia se fixese de maneira colaborativa, para ser tal de xerar os maiores valores para a sociedade galega.

Unha revisión do Plan que fora capaz de aproveitar as oportunidades dos próximos anos e responder eficazmente aos retos e problemas que presenta.

Porén a Xunta de Galicia non incluíu ningunha das aportacións recibidas e acaba de publicar un Plan Forestal de maneira unilateral.

Isto está a producir un profundo rechazo en todos os sectores afectados, tanto empresarial como socialmente.

Con data do 5 de xullo de 2018, publicouse no DOG a Orde do 28 de xuño de 2018 pola que se aprobou inicialmente a primeira revisión do Plan forestal de Galicia e se abre o trámite de información pública. Nesta dispuña:



- Primeiro. Aprobar inicialmente a primeira revisión do Plan forestal de Galicia, incluíndo o seu estudo ambiental estratéxico.

- Segundo. Publicar esta orde no Diario Oficial de Galicia, no BOE, así como nun xornal de maior circulación na Comunidade Autónoma.

- Terceiro. Someter a información pública a primeira revisión do Plan forestal de Galicia aprobado inicialmente con todos os documentos que o integran, incluído o estudo ambiental estratéxico, durante o prazo de 3 meses contados a partir da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Durante o citado prazo, a documentación da primeira revisión do Plan forestal de Galicia poderá ser examinada na Dirección Xeral de Ordenación Forestal. Así mesmo, tamén poderá ser consultada no enderezo electrónico http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/ordenacion/plan_forestal_de_galicia/

- Cuarto. Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

Nas recomendacións á Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal para a redacción de dito plan feito por sindicatos agrarios, CCMMVVMC, Asoc. Ecoloxistas, Asoc. do Sector Forestal ou organizacións políticas, entre outros, pedíase someter o Plan Forestal de Galicia a consideración e aprobación do Parlamento de Galicia a fin de dotalo da lexitimidade necesaria para asegurar a súa permanencia no tempo, máis esta aportación non foi recollida.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a



O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a someter o Plan Forestal de Galicia á consideración e aprobación do Parlamento de Galicia, segundo o recollido no artigo 142 do Regulamento do Parlamento de Galicia a fin de dotalo da lexitimidade necesaria para asegurar a súa permanencia no tempo.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Fancisco Casal Vidal

Antón Sánchez García

Deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 05/07/2018 18:58:24

Francisco Casal Vidal na data 05/07/2018 18:58:33

Antón Sánchez García na data 05/07/2018 18:58:41



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 11:12
Nº Rexistro: 33213
Data envío: 06/07/2018 11:12:03.745

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á suba dos impostos dos carburantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O alto prezo dos carburantes está a supoñer unha forte dificultade nas economías familiares e empresariais. Porén, segundo sinalan diversas fontes xornalísticas, o goberno do estado está a barallar levar a cabo dúas reformas no Imposto Especial de Hidrocarburos que agravarían esta situación.

Dunha banda, anunciouse que o goberno estuda a “harmonización” do tramo autonómico do imposto sobre hidrocarburos para todas as CCAA, de xeito que se aplicaría en todas o tipo impositivo máximo de 0,48 céntimos o litro, tanto de gasóleo como de gasolina. Este é o que tipo é o que xa se aplica nestes intres en Galiza após a suba de tipos impositivos levada a cabo polo goberno de Feijóo no ano 2013. Na práctica, trátase dunha clara invasión competencial que supón a centralización total do imposto, furtando ás CCAA a posibilidade de modular o tipo en función dos seus intereses ou necesidades.

A outra medida que baralla o Goberno español é a de subir o imposto sobre o gasóleo para igualalo ao da gasolina. Na actualidade o imposto especial sobre as



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 11:12
Nº Rexistro: 33213
Data envío: 06/07/2018 11:12:03.745

gasolinas é de 40,25 céntimos de euro por litro mentres que o do gasóleo, duns 30,7 céntimos. Xa que logo, o litro de gasóleo custaría practicamente 10 céntimos máis de levarse a cabo esta reforma, o que suporía que encher o depósito dun vehículo con motor diésel incrementarase en máis de cinco euros.

Estas medidas terían un impacto especialmente negativo en Galiza, onde os prezos dos carburantes son os máis caros do estado peninsular, mesmo contando cunha refinería na cidade da Coruña, o que debería ter o efecto de abaratar o seu custo. Trátase dun exemplo evidente da irracionalidade e inxustiza dun modelo que debe ser transformado.

No último informe mensual dispoñíbel publicado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica (anteriormente o de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital), que achega datos de maio do 2018, amósanos como o prezo do gasóleo galego é o máis alto do estado peninsular, cun prezo de 126,1 euros o litro, e as catro provincias galegas son tamén as catro provincias peninsulares cos prezos máis caros. O prezo da gasolina é o máis caro entre as comunidades peninsulares, neste caso xunto a Asturias, cun prezo de 134,1 euros o litro.

De feito, hai escasos días anunciouse que a propia Comisión Nacional para os Mercados e Competencia ultima a elaboración das conclusións coas que deberá dilucidar por que os usuarios galegos pagamos o gasóleo e a gasolina máis caras da estado, a pesares de que xa foi instado a facelo hai varios anos.

Xa que logo, sendo conscientes das graves repercusións que terían as medidas anunciadas polo goberno, cremos necesario posicionarnos de xeito que non se leven a cabo e consideramos imprescindible que a Xunta de Galiza adopte tamén medidas no inmediato que alivien a dificultade que supón para o tecido social e económico o alto prezo destes carburantes.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 11:12
Nº Rexistro: 33213
Data envío: 06/07/2018 11:12:03.745

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- Levar a cabo a redución do tipo impositivo no tramo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos de xeito que se retorne aos tipos do 2013.
- Instar ao Goberno do estado a que non leve a cabo as reformas impositivas no Imposto Especial sobre Hidrocarburos que suporían centralizar o tramo autonómico do imposto así como equiparar a tributación do gasóleo co da gasolina.”

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 11:12
Nº Rexistro: 33213
Data envío: 06/07/2018 11:12:03.745

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/07/2018 11:02:52

María Montserrat Prado Cores na data 06/07/2018 11:02:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/07/2018 11:03:01

Olalla Rodil Fernández na data 06/07/2018 11:03:03

Xosé Luis Bará Torres na data 06/07/2018 11:03:05

Ana Pontón Mondelo na data 06/07/2018 11:03:12

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de EN MAREA**, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira** e **Francisco Casal Vidal** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Carme Santos Queiruga**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

As dependencias do arquivo da Audiencia Provincial da Coruña, a antiga Fábrica de Tabacos, inundáronse despois da tromba de auga caída esta fin de semana en todo o país. Unha das zonas máis afectadas pola tromba foron as dependencias do arquivo xudicial da mesma.

Desde a inauguración das dependencias da Audiencia Provincial da Coruña xa se sabía da posibilidade de inundacións por mor de estar por debaixo do nivel do mar, cousa que facilitou a inundación esta fin de semana na que caeron 40,5 litros de auga por metro cadrado.

Na fin de semana, a empresa encargada das labores de mantemento do edificio xa realizara labores de limpeza, salvo no soto que é onde se gardan os arquivos tanto de expedientes abertos como pechados. Estes ademais de estar enchoupados só contaban coa presenza de dúas persoas que se encargaban de recuperar e limpar e organizar, sen que desde a Dirección Xeral de Xustiza ninguén se presentase e avaliase danos e tomase medidas, cando menos para facilitar máis mans coas que restablecer minimamente a orde.

Dito arquivo está xestionado por 4 persoas, segundo denuncian sindicatos da área de xustiza para un arquivo que dá servizo a máis de 30 órganos xudiciais.



Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a

- 1.- Dotar os medios persoais e materiais para restablecer e recuperar os arquivos danados do Arquivo Provincial da Coruña.
- 2.- Avaliar os danos producidos e establecer as medidas para que non volvan a inundarse as instalacións ou cando menos non se mollen os procedementos.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Paula Vázquez Verao
Carmen Santos Queiruga
Deputados, deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/07/2018 12:37:14

Francisco Casal Vidal na data 06/07/2018 12:37:20

Paula Vázquez Verao na data 06/07/2018 12:37:29

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2018 12:37:33

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de EN MAREA**, a través do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

No ano 2017 o Partido Popular bloqueaba unha iniciativa para modificar a Lei 1/2004 para garantir asistencia xurídica e psicolóxica ás mulleres vítimas da violencia machista desde o momento previo á interposición da denuncia.

Isto contrasta despois ca política propagandística levada a cabo polo goberno de apoio ás mulleres cando se denega un dereito tan básico como é o da asistencia xurídica que tería que ser gratuíta para todas elas, e o seu acompañamento e asesoramento desde o momento no que deciden denunciar.

A principal garantía de defensa dos dereitos dunha persoa é garantir o acceso á xustiza, recollido no artigo 24 da Constitución, no que se di que todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que en ningún caso, poida producirse indefensión.

No punto segundo de dito artigo recóllese o dereito á defensa e a asistencia letrada.

O dereito de asistencia xurídica recóllese na Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuíta e no Regulamento de asistencia xurídica de Galicia, no artigo 29 no que



se recolle o dereito á asistencia gratuíta e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Ademais, este dereito faise extensivo na lei 4/2015 do Estatuto da vítima do delito.

As mulleres vítimas de violencia machista viven tamén a violencia económica exercida polos seus agresores, enténdese esta como a privación e/ou redución de recursos económicos á muller ou á familia como xeito de coacción, manipulación ou coa intención de causar dano na súa integridade e a que tamén hai que sumarlle a violencia patrimonial.

Por tanto, as mulleres non dispoñen de recursos para iniciar os procedementos de denuncia e xudiciais, e necesitan ter ese dereito de asistencia xurídica que ten que ser gratuíta para facilitar o acompañamento durante todo o proceso e nos pasos previos ao inicio do mesmo.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir, no ámbito das súas competencias, a asistencia letrada gratuíta a todas as vítimas de violencia de xénero de xeito inmediato en todos os partidos xudiciais de Galicia, mesmo con carácter previo á interposición da denuncia, nos termos recollidos na Lei 4/2015.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Paula Vázquez Verao
Carmen Santos Queiruga
Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/07/2018 13:05:04

Paula Vázquez Verao na data 06/07/2018 13:05:11

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2018 13:05:14

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de EN MAREA**, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira** e **Francisco Casal Vidal** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao** e **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Unha das principais angustias das mulleres nos procedementos instados por violencia de xénero é non cruzarse cos seus agresores, especialmente nos corredores dos xulgados nos actos da vistas, no mesmo acto de declarar para non ser intimidadas visualmente.

As/ os menores vítimas e testemuñas do proceso de violencia tamén son obxecto dos ataques en moitas ocasións.

Os xulgados de violencia convertéronse no foco de incidentes entre as partes, onde os agresores e os seus familiares e amigos exercen ou tratan de exercer máis violencia contra as denunciante, o cal obriga a reforzar a vixilancia policial.

Esta medida de reforzamento policial non impide a intimidación e a inquedanza das mulleres dos menores nos momentos das vistas, e o temor de atoparse. Fan falta instalacións que permitan o acceso de xeito gradual, dependencias nas que agardar cuns servizos mínimos, e que impidan que denunciante e denunciado se crucen, así como salas específicas para as testemuñas. Instalacións actualmente existentes, como a dos Xulgados de Vigo, están expostas a estas situacións, que non poden agardar pola apertura de novos edificios xudiciais, pois



entre tanto as mulleres vítimas destas violencias sofren día a día este sufrimento adicional, e para elas a reforma chegará tarde. Precisan unha actuación urxente.

É necesario reformar o deseño das instalacións xudiciais para habilitar salas específicas para os denunciados.

Por todo o exposto, este Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Reformar as instalacións xudiciais existentes no noso País, para que estas contén con dependencias separadas para que denunciante e menores, denunciados e familiares non se crucen.
- 2.- Facilitar a comparecencia por videoconferencia desde salas anexas no caso das denunciante.
- 3.- Habilitar dependencias de agarda para menores nas instalacións, apropiadas á súa propia condición de menores.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Paula Vázquez Verao
Carmen Santos Queiruga
Deputados, deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/07/2018 13:16:07



Francisco Casal Vidal na data 06/07/2018 13:16:15

Paula Vázquez Verao na data 06/07/2018 13:16:20

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2018 13:16:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 13:26
Nº Rexistro: 33234
Data envío: 06/07/2018 13:26:33.561

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a posibilidade de abrir ao público as prazas de aparcadoiro do Edificio Multiusos da Xunta de Galiza na cidade de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o Concello de Lugo anunciou a apertura ao público, polas tardes, do aparcadoiro que estaba unicamente reservado a persoal do Concello no patio do edificio do antigo Seminario.

Ademais deste espazo de titularidade municipal existen outros espazos que son propiedade do pobo e xestionados por institucións como a Xunta de Galiza ou a Deputación, a Universidade ou outros departamentos estatais.

Desde o BNG instamos as distintas institucións a chegaren a acordos para abrir novos espazos de estacionamento público na cidade, entre os que se atopan as prazas situadas no Multiusos da Xunta, na Ronda da Muralla.

O edificio da Xunta conta cun total de 250 prazas, dividido en dous andares. No edificio da Xunta aparcan coches oficiais do organismo pero é evidente que se podería estudar abrir un dos andares igual que se fixo co aparcadoiro do edificio do Seminario.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 13:26
Nº Rexistro: 33234
Data envío: 06/07/2018 13:26:33.561

Aínda que estas prazas de estacionamento, dos edificios da Xunta, do Concello e outros da Deputación, unicamente funcionen polas tardes supoñen unha importante bolsa de prazas que contribuirían a reducir o tráfico en itinerancia que se produce cos vehículos que circulan en búsqueda de estacionamento.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a estudar a posibilidade de abrir ao público os aparcadoiros do Edificio Multiusos na cidade de Lugo no maior horario posíbel.”

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 13:26
Nº Rexistro: 33234
Data envío: 06/07/2018 13:26:33.561

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/07/2018 13:17:58

María Montserrat Prado Cores na data 06/07/2018 13:18:04

Ana Pontón Mondelo na data 06/07/2018 13:18:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/07/2018 13:18:09

Noa Presas Bergantiños na data 06/07/2018 13:18:11

Xosé Luis Bará Torres na data 06/07/2018 13:18:12

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un ano máis, coa chegada do verán, a Consellería de Sanidade pon en marcha o peche de servizos nos hospitais da rede pública, situación que só empeora as xa alarmantes listas de espera e crea as condicións idóneas para que se sigan a producir os xa coñecidos colapsos nas urxencias.

Así mesmo, consultas e probas de atención especializada vense afectadas pola non cobertura dos permisos do persoal. Circunstancia que afecta tamén ao diagnóstico e o control das diferentes patoloxías.

No CHUAC, o peche de 170 camas está a provocar saturacións en urxencias, con 40 pacientes á espera de ser hospitalizados e 26 esperando no corredor. Ademais, o descenso da actividade cirúrxica provoca aínda máis aumento das listas de espera, todo isto nun contexto de desmantelamento da atención primaria, no que a falta de cobertura dos postos de traballo, tamén aumenta a demora nas citas e obriga a moitas persoas a acudir ás urxencias hospitalarias.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 5.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:



- Manter operativos todos os servizos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.
- Levar a cabo unha planificación que sexa capaz de dar unha cobertura axeitada tanto na Atención Primaria como na Atención Especializada.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/07/2018 10:49:06

Luis Villares Naveira na data 09/07/2018 10:49:15

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un ano máis, coa chegada do verán, a Consellería de Sanidade pon en marcha o peche de camas nos hospitais da rede pública, situación que só empeora as xa alarmantes listas de espera e crea as condicións idóneas para que se sigan a producir os xa coñecidos colapsos nas urxencias.

Así mesmo, consultas e probas de atención especializada vense afectadas pola non cobertura dos permisos do persoal. Circunstancia afecta tamén ao diagnóstico e o control das diferentes patoloxías.

Ademais dos servizos hospitalarios, os peches tamén afecta a consultas na atención primaria, tamén coa non cobertura dos permisos vacacionais, aforrando os costes de substitucións, pero afondado na precarización dos dereitos laborais.

Esta situación agrávase cada ano, cun incremento no peche destes servizos. De feito, a estas alturas son xa varios os hospitais e centros de saúde que están a sufrir estas carencias de servizos, existindo denuncias por parte da Xunta de persoal dos respectivos hospitais.



No CHUO, por exemplo, están a denunciar que baixo os eufemismos de “flexibilización da hospitalización ou de camas de expansión” existen unidades baleiras pero doentes amontoados en salas sen ventilación nin intimidade.

No CHOP, a xerencia acaba de anunciar o peche de 80 camas que comezarán en xuño na unidade de lactancia e continuarán durante os meses de xullo, agosto e setembro en outras unidades como medicina interna, pneumoloxía ou traumatoloxía.

No Salnés, o peche estrutural que se produce todos os veráns na terceira planta, está xa a ter as súas consecuencias como a derivación dos partos a Pontevedra.

No CHUAC, o peche de 170 camas está a provocar saturacións en urxencias, consecuencia tamén dun desmantelamento da atención primaria no que a falta de cobertura dos postos de traballa, aumenta a demora nas citas e obriga a moitas persoas a acudir ás urxencias hospitalarias.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:

- Levar a cabo unha cobertura axeitada dos permisos das e dos profesionais que permitan manter os mesmos servizos que o resto do ano.
- Presentar unha planificación a medio prazo para poder contar con profesionais suficientes naquelas categorías e especialidades onde se evidencie carencias dos mesmos.
- Entregar informe aos Grupos Parlamentarios sobre os datos dos servizos pechados durante o verán.



Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/07/2018 11:09:40

Luis Villares Naveira na data 09/07/2018 11:09:48

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 7.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo ten a función de realizar investigacións básicas e aplicadas orientadas nas liñas de investigación preferentes dos programas de recursos e tecnoloxías agroalimentarias.

Realiza tamén a labor de transferencia de coñecementos ao sector agrogandeiro. Desenvolve convenios con empresas ou cooperativas do sector para desenvolver liñas de investigación aplicables ao agro en Galiza.

Realiza na actualidade unha labor fundamental, e é indispensable para o futuro do sector e a súa adaptación ás mudanzas necesarias, en cuestións como a conservación da biodiversidade e a investigación de variedades que poidan ser interesantes para o seu cultivo futuro, métodos de produción máis eficientes no uso da auga, menos dependentes dos insumos, etc.

Tendo esta relevancia obsérvase que a Xunta de Galicia está a debilitar o centro negándolle os recursos necesarios para un óptimo funcionamento.

Nos anos de goberno Feijoo non se repuxeron efectivos de persoal investigador e de campo, o que situou o cadro investigador por debaixo do 50% dos efectivos



Tampouco se efectuaron investimentos en maquinaria, instalacións e equipamentos científicos, o que provocou a obsolescencia dos recursos materiais utilizados na investigación

E reduciuse a dotación de fondos propios para o gasto corrente ata case eliminalos.

O goberno galego non atende as necesidades de persoal do centro tanto de investigadores como de persoal laboral para as labores nas fincas e gandeirías.

Das 22 prazas de investigadores 11 están vacantes, e mesmo o centro carece dun especialista na investigación do millo ante a xubilación do probablemente maior experto do país.

A escaseza de persoal dificulta o traballo e a captación de fondos procedentes de proxectos.

A falla da preparación do relevo dos investigadores, común tamén a outros centros de investigación, é outro dos problemas que teremos no futuro.

Tamén existe carestía orzamentaria para a xestión diaria do CIAM reducíndose ata dificultar enormemente a xestión do centro.

Non entendemos que por unha parte de fale da innovación como piar do futuro, ou da lexislatura do rural cando na realidade a Xunta de Galicia leva anos desmantelando e debilitando a investigación, formación e transferencia de coñecementos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a



O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dotar de medios persoais e orzamentarios suficientes para o bo desenvolvemento das actividades do CIAM, cubrindo cando menos as vacantes existentes en persoal investigador.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Davide Rodríguez Estévez

Deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 09/07/2018 11:42:24

Antón Sánchez García na data 09/07/2018 11:42:28

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo, Luca Chao Pérez e Julia Torregrosa Sañudo** e do seu deputado **Manuel Lago Peñas**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A economía medra, pero iso non significa que as clases populares estean saíndo da crise. Por unha banda, o crecemento macroeconómico non se traduce nunha mellora económica para as maiorías sociais; por outra, o emprego xerado é de pésima calidade.

A crise, xunto coas políticas de austeridade e as reformas laborais, provocaron que as condicións laborais empeorase enormemente. Agora proliferan os contratos temporais, de xornada parcial non voluntaria, os salarios baixos, as horas extraordinarias non pagadas... Así, non é de estrañar que moitos traballadores sexan pobres a pesar de contar cun emprego. Ter traballo xa non garante acceder a unha vida digna.

Por se fose pouco, a precariedade do emprego impide que este xere dereitos de protección social ao dificultar o acceso á prestación por desemprego, ás pensións por xubilación e ao non contribuír apenas ao sistema de pensións.

Atendendo ao rango de idade, a mocidade foi a máis prexudicada mentres se destruíu emprego e tamén o é agora cando se está a crear. Segundo datos do



Instituto Galego de Estatística, en 2009, rexistrábanse máis de 200.000 persoas entre os 16 e 29 anos que tiñan un posto de traballo en Galicia; a ampla maioría (unhas 180.000), a tempo completo e as restantes 33.000, a tempo parcial. **Case unha década despois traballan en Galicia 80.000 mozas e mozos menos, manténdose o menor número daqueles que traballan a tempo parcial.** Isto refléxase tamén de maneira moi clara nas propias expectativas da xente nova.

Segundo o IV Informe Young Business Talents sobre actitudes e tendencias dos mozos preuniversitarios españois, elaborado polo ESIC e Praxe MMT, os mozos e mozas galegos son os máis pesimistas de España en canto ao emprego para o seu colectivo. Menos do 40% dos estudantes considera que a situación mellorará nos próximos cinco anos, fronte o máis do 47% da media estatal. Isto explica, entre outras cousas, que a mocidade galega sexa a cuarta máis predispоста do Estado a mudarse fora do país para atopar traballo.

As políticas laborais do Partido Popular expulsan a poboación máis nova porque non son quen de ofrecer ningún proxecto sólido de futuro. Urxe, polo tanto, que o Goberno da Xunta mude de rumbo e ofrezca alternativas que permitan fixar á poboación no territorio e ter unha vida digna.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Ampliar a marxe de idade das axudas de primeiro emprego a todas as persoas que aínda non accederan ao mercado laboral.



- Poñer en marcha programas específicos no rural para que os mozos e mozas teñan oportunidades reais de emprego e autoemprego, de tal forma que se favoreza o rexuvenecemento da poboación e se posibilite a fixación da poboación no territorio.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Luca Chao Pérez,
Julia Torregrosa Sañudo,
Manuel Lago Peñas
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 09/07/2018 13:08:37

Luca Chao Pérez na data 09/07/2018 13:08:46

Julia Torregrosa Sañudo na data 09/07/2018 13:08:52

José Manuel Lago Peñas na data 09/07/2018 13:09:00

Luis Villares Naveira na data 09/07/2018 13:09:06



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 13:59
Nº Rexistro: 33269
Data envío: 09/07/2018 13:59:23.587

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á situación da empresa Motorkar na zona de Ferrolterra, Eume e Ortegá ante o anuncio do seu ERE extintivo e peche e ás actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 26 de xuño coñeceuse publicamente a intención da compañía Motorkar, concesionario oficial de Opel para a zona de Ferrolterra, Eume e Ortegá, con instalacións nos concellos de Cabanas e Ferrol, de cesar a súa actividade e presentar un concurso de acredores.

O peche de Motorkar, ademais de continuar unha preocupante tendencia no sector no noso concello e na comarca de Ferrolterra, que sofre unha crise continuada, pon de relevo o dano creado por unha xestión empresarial que non se pode cualificar doutro modo que como temeraria, e que deixa un ronsel de afectadas:

Por unha banda, as 22 persoas traballadoras da empresa, que levan varios meses sen cobrar e que agora serán o obxecto dun Expediente de Regulación de Emprego extintivo que suporá o seu despedimento. Doutra, as máis de 40 clientas do concesionario que adiantaron ou comezaron a realizar os pagos de automóviles polos que nalgúns casos chegaron a depositar até 28.000 euros e que agora Motorkar négase a



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 13:59
Nº Rexistro: 33269
Data envío: 09/07/2018 13:59:23.587

entregar, a pesar de, nalgúns casos, os ter xa no seu poder, pois non ten fondos para os matricular.

Por último, toda a clientela das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, que agora terán o servizo oficial máis próximo en Betanzos, tendo que realizar desprazamentos moito maiores do que até o de agora.

As dificultades económicas da empresa eran coñecidas polos seus xestores desde hai máis dun ano, o período que Motorkar leva dilatando a matriculación dos automóbiles das persoas que levan máis tempo sendo afectadas, e mentres tanto non fixo nada por evitalo, senón que continuou a súa actividade deixando de pagar aos traballadores e aumentando número de persoas afectadas ao vender automóbiles sabendo que nunca os podería entregar.

Por último, cabe destacar o papel da Opel e da súa financeira Cetelem, que non se corresponsabilizan do ocorrido e que poderían retirar os automóbiles das persoas afectadas das instalacións de Motorkar para cobrar os créditos pendentes destas.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Tomar as medidas necesarias para favorecer unha solución satisfactoria para o persoal de Motorkar, intercedendo para que o persoal cobre os salarios adebedados na súa integridade.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 13:59
Nº Rexistro: 33269
Data envío: 09/07/2018 13:59:23.587

2. Iniciar a través do Instituto Galego de Consumo a dispoñibilizar os seus recursos para o asesoramento da clientela afectada así como a iniciar a correspondente investigación para acelerar a entrega dos automóviles ou a devolución das cantidades adiantadas ás persoas clientas afectadas.

3. Instar á compañía Opel a corresponsabilizarse da situación e colaborar na súa solución satisfactoria.”

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/07/2018 13:58:04



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 13:59
Nº Rexistro: 33269
Data envío: 09/07/2018 13:59:23.587

María Montserrat Prado Cores na data 09/07/2018 13:58:09

Ana Pontón Mondelo na data 09/07/2018 13:58:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/07/2018 13:58:12

Olalla Rodil Fernández na data 09/07/2018 13:58:15

Xosé Luis Bará Torres na data 09/07/2018 13:58:17

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, Luís Manuel Álvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández, e da súa deputada, Maria Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

A principios do mes de xaneiro de 2017 poñíase en funcionamento un tramo da VAC (Vía de Alta Capacidade) CG 2.3, que evita o paso pola localidade lucense de Xove.

Esta vía, longamente demanda pola veciñanza no norte da provincia de Lugo, entronca necesariamente coa estrada LU-862, en tanto non estea rematada na súa totalidade.

Poucos días despois de poñerse en funcionamento o tramo, os veciños do lugar de Beltrán, que é onde remata de momento a CG 2.3 (ou o seu acceso) presentaban un escrito asinado por 72 persoas nas que demandaban que se dese algunha solución o problema xurdido coa construción da glorieta da LU-862, problema que deriva de que esta glorieta divide o núcleo de Beltrán e tamén un camiño veciñal chamado “A Meixoeira” que empregan para dirixirse ás súas fincas e co seu gando, que quedou tamén cortado pola nova glorieta.

A situación descrita ponse en evidencia coa seguinte fotografía aérea:



Ante a situación descrita, a veciñanza o único que pide é unha solución que garanta a súa seguridade, poñendo pasos de peóns debidamente sinalizados polos que cruzar a vía

Grupo Parlamentario

de acceso á VAC e tamén ao camiño veciñal; entendemos que é unha demanda máis que razoable e que carece de toda complexidade e custo para a Administración autonómica.

Pese ao anterior, ningún tipo de resposta se lles ten dado en máis dun ano a este colectivo, motivo polo que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego que dea unha solución inmediata ás demandas da veciñanza de Beltrán (Xove) que mellore a seguridade na glorieta sinalada, conforme aos criterios e medidas que se establecen no Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020.

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/07/2018 12:50:59

Raúl Fernández Fernández na data 10/07/2018 12:51:09

María Luisa Pierres López na data 10/07/2018 12:51:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/07/2018 12:51:28

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa de **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/2010, de 31 de marzo, Xeral da Comunicación Audiovisual, dispón, no seu artigo 8, sobre os dereitos das persoas con discapacidade, que “as persoas con discapacidade auditiva teñen o dereito a que a comunicación audiovisual televisiva, en aberto e cobertura estatal ou autonómica, subtitule o 75% dos programas e conte polo menos con dúas horas á semana de interpretación con lingua de signos”.

Na Memoria sobre a execución da función de servizo público da CRTVG correspondente ao ano 2017, entregado ao Parlamento de Galicia o 10 de xullo de 2018, infórmase sobre o número de horas emitidas con subtitulado para persoas xordas, que serían as seguintes:

- en programas, na TVG, 1.101 horas subtituladas.
- na TVG2, 1.935 horas subtituladas.

Entre esta programación subtitulada, están 13 series de animación, 3 series de ficción no prime time (“Pazo de Familia”, “Serramoura” e “Viradeira”), 13 programas divulgativos e de entretemento, ademais de películas de cine e documentais.



En canto a lingua de signos, en total, di o informe, “emitíronse 289 horas en lingua de signos, 281 delas correspondentes a 260 telexornais”.

No que respecta ao subtitulado, a TVG emite diariamente un informativo, o Galicia Noticias Mediodía, xusto antes do Telexornal Mediodía, cunha duración de 30 minutos, o que suma 130 horas ao ano.

Así pois, en canto a subtitulado para persoas xordas, o conxunto da TVG emite, segundo este informe, un total de 3.166 horas, o que supón (calculando en 22.500 o número total de horas a partir dos datos do informe, aínda que non se especifican) o 14,07 %, máis de 60 puntos por debaixo do estipulado na norma estatal.

O dereito á accesibilidade universal é un dos principios establecidos pola Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade da ONU, ratificada polo Estado español en 2008. A subtitulación e a dobraxe en lingua de signos é un dereito das persoas xordas galegas para poder acceder en igualdade de condicións aos contidos audiovisuais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar, xunto coa CRTVG, un plan para aumentar o número de subtitulación para persoas xordas na TVG até cubrir o 75% da programación total antes de 2020.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018.



Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 10/07/2018 18:54:24

Luis Villares Naveira na data 10/07/2018 18:54:38

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a través dos seus deputados **Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas xordocegas son un colectivo numeroso e invisible no noso país e no resto do Estado. Estímase, segundo as asociacións e entidades que traballan neste eido, que en Galicia hai unhas 13.000 persoas con diversidade audiovisual. No Estado español, estímase que a cifra acada as 250.000 persoas, aínda que pode haber máis porque non hai un censo oficial específico.

Segundo o censo de persoas con discapacidade en Galicia a último día de 2017, había, con discapacidade recoñecida, no noso país, 23655 persoas con discapacidade visual e 26037 con discapacidade auditiva, pero carécese de datos oficiais sobre as persoas xordocegas.

O Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, que aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos de persoas con discapacidade e da súa inclusión social recolle os dereitos das persoas con diversidade funcional, entre os que se atopan as persoas con discapacidade auditiva e visual e que son un colectivo moi numeroso e no que non existe a plena integración na sociedade en xestos tan cotiáns como ir mercar.

Nos supermercados son mínimos os produtos que teñan indicación sobre o produto que están a vender. Para unha persoa sen discapacidade é fácil recoñecer un produto con ver o bote ou con oír un son, sons e visións dos que estas persoas



carecen, por iso é necesario aplicar mecanismos que lles permitan saber que tipo de produtos están mercando.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para aplicar a todos os produtos un sistema de identificación en sistema braille que indique o contido do produto, así como a instalación de códigos e lectores dos mesmos que indiquen mediante sons de que produtos se trata.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 10/07/2018 19:17:25

Luis Villares Naveira na data 10/07/2018 19:17:37

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.^a**, sobre o uso da “Casa da Pedragueira”, no lugar de Ribeira, Reis, no Concello de Teo, propiedade da Xunta de Galicia por parte dun particular.

Exposición de motivos.

A Xunta de Galicia é titular dunha vivenda coa referencia catastral 002201700NH33F001MR e de superficie de 120 metros cadrados integrada nunha finca denominada a Pedragueira, que ten unha superficie de 3.262 metros cadrados, sita no lugar de Ribeira, parroquia de Reis, concello de Teo.

O ben consta no Inventario Xeral de bens e dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia co código C1534, inmovble adscrito ao Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra para a vixilancia de ríos.

Dito inmovble ten carácter demanial ao estar afecto ao dominio público, e adscrito organicamente a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a quen lle corresponden as facultades de administración, xestión e conservación do ben.

A lei 5/2011 do 30 de setembro de Patrimonio de Galicia establece o réxime xurídico dos bens e dereitos que integran o Patrimonio de Galicia e que regulan



as autorizacións especiais de uso en precario sobre bens afectos ou adscritos segundo o recollido no artigo 37.

Este inmovible viña usándose como vivenda para os Axentes forestais que vixiaban os coutos do salmón do río Ulla.

Nun informe emitido pola Directora Xeral de Conservación da Natureza con data de 8 de marzo de 2016, indícase que a situación do inmovible é ideal para usarse como centro de traballo do persoal do ZEC ULLA-DEZA, e no que recolle que non existe ningunha normativa no ámbito da Conservación da Natureza que faculte que unha edificación da administración poida ser ocupada por traballadores a nivel de vivenda particular unifamiliar.

A Asociación Profesional dos Axentes Forestais e Medioambientais de Galicia formulou unha queixa ante a Valedora do Pobo, por razón do uso de xeito irregular e consentido por parte das administración pública deste ben inmovible coñecido como a “Casa de Pontevea” ou “Casa da Pedragueira”, no lugar de Ribeira, Reis, no Concello de Teo, da Xunta de Galicia por parte dun particular.

Esta vivenda usábase tradicionalmente como residencia para os axentes forestais que atendían os coutos e aproveitamentos de perca no río Ulla. Ata o ano 1997 estivo ocupada por un axente forestal que a deixou libre á data da súa xubilación. Posteriormente foi reformada e entregada a unha persoa que forma parte do cadro de persoal laboral da Xunta de Galicia, e que consta como encargado.

No ano 2016 solicitouse por escrito que se autorizase o uso como vivenda da casa mentres se prestasen servizos como axente facultativo medioambiental na zona do río Ulla, solicitude que se desestimou por resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio na data de 10 de xuño de 2016 e na que se sinala *“a idoneidade do inmovible para empregarse como centro de traballo do persoal que exerce as súas funcións na ZEC Sistema Fluvial Ulla-Deza e na actualidade non existe ningunha normativa*



no ámbito da conservación da natureza nin na lexislación laboral correspondente que faculte que unha edificación da administración poida ser ocupada por persoal traballador”. Así conforme á Lei de Patrimonio da Xunta de Galicia non é posible outorgar unha autorización para empregar o inmovible como vivenda.

Fronte a esta resolución da secretaría xeral técnica presentouse recurso de reposición de data de 27 de xuño de 2016, no que se solicitaba que se este uso como vivenda non era compatible coa normativa vixente na materia que se desafiuzase a persoa ocupante e recuperar a edificación como centro de traballo segundo o informe da Dirección Xeral de Conservación ou ben se o uso é compatible co de vivenda que se procedese a por a disposición da axente facultativa medioambiental que solicitara o seu uso como tal e como se viñera facendo de xeito consuetudinario.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio dificulta a labor da Valedora do pobo na tramitación e resolución desta queixa presentada por APRAFOGA.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a restablecer o uso do inmovible como base operativa para o persoal e medios adscritos ao Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra, que exercen as súas funcións e cometidos no ZEC Ulla-Deza do Distrito XVI.



Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 11/07/2018 10:52:14

Antón Sánchez García na data 11/07/2018 10:52:25

Luis Villares Naveira na data 11/07/2018 10:52:36

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais ten que ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Nas sete principais cidades de Galicia hai abertas 7 oficinas de atención psicolóxica a vítimas de violencia machista. Entre o 24 de novembro e o 31 de decembro de 2017 este servizo cubriuse mediante un convenio entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, ata que a Consellería decidiu -a finais de 2017- sacar a concurso as 7 prazas e non renovar o convenio de colaboración. A raíz da denuncia deste grupo parlamentario e da súa pregunta rexistrada o 31 de xaneiro, o propio vicepresidente dicía en sede parlamentaria que este servizo comezara a funcionar o día 1 de marzo de 2018.

Efectivamente así foi: revisado o expediente remitido polo Goberno galego despois de pedilo, resulta que os contratos se celebraron inicialmente por un mes e logo cunha prórroga de 6 meses máis, de forma que Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza contratou temporalmente como persoal laboral temporal, na modalidade de acumulación de tarefas, a 7 persoas licenciadas en Psicoloxía, que tomaron posesión do seu cargo o día 1 de marzo, despois de 7 chamamentos telefónicos urxentes.

Grupo Parlamentario

É dicir, que o convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia durou escasamente UN MES en 2017, o servizo estivo dous meses baleiro durante 2018 e as vítimas sen atención nas 7 oficinas xudiciais. Esa é a preocupación real do Goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a prestar atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista nas dependencias xudiciais de maneira prioritaria e a través dun servizo permanente, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/07/2018 13:11:18

María Luisa Pierres López na data 11/07/2018 13:11:24

Julio Torrado Quintela na data 11/07/2018 13:11:29

María Dolores Toja Suárez na data 11/07/2018 13:11:35



 [Grupo Parlamentario](#)

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/07/2018 13:11:41

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/07/2018 13:11:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/07/2018 13:11:48

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Hai xa varios anos que o xefe territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra facía anuncio do arranxo integral da estrada autonómica PO-234, expropiacións incluídas, e hai agora 2 anos confirmaba que a execución se faría por fases comezando polo tramo entre Ponte Caldelas e Laxoso, o máis perigoso por incluír varias curvas cegas e no que se asenta un maior volume de poboación. Por esta estrada pasan diariamente numerosos vehículos e ata o autobús escolar, vehículos que, polo seu volume, vense obrigados a invadir o carril contrario, provocando algún accidente e poñendo en perigo a integridade de veciñas e veciños que circulan por ela e que reiteradamente teñen reclamado a ampliación da calzada de ata 7 metros e unha senda peonil nun lateral no pobo de Laxoso. Á execución deste proxecto tamén se comprometeron nas sucesivas eleccións os dous ex alcaldes de Ponte Caldelas e Cotobade, mais na última campaña autonómica a conselleira de Infraestruturas e Vivenda anunciou que comezarían polo tramo entre Augasantas (Cerdedo-Cotobade) e Portasouto (Ponte Caldelas), estradas con tráfico moi inferiores e sen ningún accidente rexistrado nos últimos 5 anos.

Respecto da PO-234 comezouse cun procedemento de expropiación que amosou dificultades na identificación das parcelas, polo que o Concello de Ponte Caldelas propuxo un convenio no que asumiría o pago de ata un máximo de 40 000 euros para compensar á Xunta de Galicia polas expropiacións desta estrada autonómica, proposta de convenio do que aínda nada se sabe pero que, polo visto, gustou á

 Grupo Parlamentario

conselleira, pois anunciouno para Cerdedo-Cotobade e a obra licitada na PO-230.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que acepte e asine, neste ano 2018, o convenio proposto polo Concello de Ponte Caldelas polo que el mesmo se encargará das expropiacións para a reforma da estrada PO-234, que une o Concello de Ponte Caldelas e o novo Concello de Cerdedo-Cotobade e pasa polo pobo de Laxoso.

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/07/2018 13:16:35

Raúl Fernández Fernández na data 11/07/2018 13:16:42

María Luisa Pierres López na data 11/07/2018 13:16:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/07/2018 13:16:50

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O pasado 28 de xuño do 2018 foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, con carácter plurianual.

Estas axudas atenden principalmente dúas liñas:

- a) Liña A, axuda ao alugamento de vivenda: a súa finalidade é facilitar o desfrute dunha vivenda en réxime de alugamento a sectores de poboación con escasos medios económicos, mediante a concesión de axudas directas ás persoas inquilinas. Con contías de axuda dun 40 % da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento. Para aqueles con máis de 65 anos, esta axuda será do 50 %.
- b) Liña B, axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente: a súa finalidade é facilitar o acceso ao desfrute dunha vivenda digna e adecuada, en réxime de alugamento, a persoas menores de 35 anos con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas inquilinas. A contía da axuda será do 50 % da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento.

A renda mensual da vivenda obxecto do contrato de alugamento non poderá superar, segundo se explicita no artigo 6, os seguintes importes, dependendo do concello en que estea situada:

Zona territorial	Importe da renda mensual de alugamento	Concellos
Prezo máximo superior	500 €	A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra.
Zona territorial 1	400 €	Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Ferrol, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro. Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.
Zona territorial 2	300 €	O resto de concellos de Galicia.

No artigo 11 do Plan estatal de vivenda en referencia ás persoas beneficiarias se especifica no seu apartado d) que a vivenda obxecto do contrato de arrendamento o sexa por unha renda igual ou inferior a 600 euros mensuais, sen prexuízo dos supostos previstos no artigo seguinte.

No artigo 12, que fai referencia á “Modificación del límite de ingresos de la unidad de convivencia y de la renta máxima mensual”, di que “As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla poderán

Grupo Parlamentario

reducir nas convocatorias de axudas o límite máximo de ingresos da unidade de convivencia e a renda máxima mensual establecidos no artigo anterior, en función das circunstancias demográficas ou económicas e de hacinamento ou sobreocupación que a seu xuízo o aconsellen. Ase mesmo, poderán fixar un límite mínimo de ingresos que deba acreditar a unidade de convivencia para acceder á axuda “

Polo tanto , no caso de Galicia, o límite de renda máxima habitual de 600 euros mensuais foi reducida por decisión da propia Xunta de Galicia a un máximo de 500 euros mensuais, sen que se teña claro o porqué desta decisión , especialmente nas cidades con maior demanda e alugueiros máis altos.

Se atendemos ós prezos medios de alugueiro de vivendas en Galicia, do primeiro trimestre do 2018, nas principais cidades, son os seguintes:

Pontevedra: 5,9 €/m²

Vigo: 8,3 €/m²

Ourense: 5 €/m²

A Coruña: 7,2 €/m²

Santiago: 5,8 €/m²

Lugo: 4,8 €/m²

Se atendemos a eses prezos medios e superficies máximas para alugar, vese como na cidade de Vigo, unha persoa pode optar como máximo a unha vivenda de 60 metros cadrados, mentres que na cidade de Ourense a vivenda media sería de 100 metros cadrados.

Na cidade de Vigo, unha vivenda de 80 metros cadrados ten un custo medio de 664 €. O que excede, con moito, incluso a posibilidade que contemplan as bases das axudas de incrementar un 20 % a contía máxima para familias numerosas ou integrantes dunha unidade de convivencia que precise unha vivenda adaptada para algún dos seus membros, e que como máximo se situaría en 600 €.

 Grupo Parlamentario

Isto dá boa idea das marcadas diferencias entre cidades, e sobre todo a falta de realismo coa situación que se vive nas dúas grandes cidades de Galicia, Vigo e A Coruña.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Proceder á revisión urxente do artigo 6 da Orde do 22 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e que, baseada en datos actualizados, contemple o aumento do límite máximo de renda mensual de alugueiro en varios concellos, especialmente nas cidades coa demanda e prezos máis altos de toda Galicia, como son A Coruña e Vigo.
2. Promover antes do final de 2018, por parte do Observatorio Galego de Vivenda, en colaboración co IGE a elaboración e posterior publicación de datos estatísticos actualizados de prezos medios de alugueiro de vivendas en toda Galicia.

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López

Raúl Fernández Fernández

Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

 Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 11/07/2018 14:26:46

Raúl Fernández Fernández na data 11/07/2018 14:26:51

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/07/2018 14:26:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/07/2018 14:27:00

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** a través dos seu deputados **Davide Rodríguez Estévez e Marcos Cal Ogando**, e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2.^a**, sobre o estado da auga de consumo do Concello de A Merca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado mes, o Concello de A Merca, recomendou, vía bando, ás veciñas e veciños do concello, non facer uso da auga de abastecemento para consumo humano, ou sexa, nin para beber nin para cociñar con ela, por mor dos altos niveis de trihalometanos que contén.

Os trihalometanos (THM) son compostos químicos volátiles que se xeran durante el proceso de potabilización da auga pola reacción da materia orgánica. Moitos trihalometanos son considerados perigosos para a saúde e o medio ambiente e incluso poden chegar a ser canceríxeno.

Varios estudos epidemiolóxicos relacionan a exposición prolongada ós THM con cancro de vexiga. Segundo a Organización Mundial da Saúde, la exposición a estas sustancias supón un risco de un caso de cancro por 100.000 persoas que consumen auga nun período mínimo de 70 años. Ademais, exposicións prolongadas tamén poden afectar o embarazo, provocando abortos espontáneos, peso baixo o nacer ou crecemento intrauterino retardado.

No ano 2015, se restrinxiu o consumo de auga en cinco municipios de Ferrolterra polo aumento do trihalometano. Dende o ano 2009 estableceuse un límite máximo de 100 microgramos de THM por litro para que a auga sexa apta para o



consumo. No caso de Ferrol unha primeira proba detectou 180 microgramos por litro dese compoñente.

Segundo un documento difundido por la Axencia de Salut Pública de Barcelona, as actividades diarias de consumo de auga, a ducha ou bañarse nunha piscina tamén poden axudar a exposición total.

A presenza de THM na auga de abastecemento no Concello de A Merca non é nada novo, xa que outros anos aconteceu o mesmo.

Nunha recente visita o propio concello, puidemos observar como a estación de bombeo se atopa a escasos metros por debaixo da planta de transformación eléctrica, ca posible contaminación cando fan labores de mantemento e vertido de aceites ou outras sustancias o río, o que altera a calidade da auga, por non falar do dano medioambiental que están a facer no río Arnoia.

Nalgunhas parroquias como Fontao a situación agrávase debido as filtracións, posiblemente de augas procedentes da rede de saneamento que contaminan pozos particulares e a fonte pública sita no fondo da vila.

En analíticas feitas nesta vila o día 11 de xuño do ano 2017, os enterococos UFC por cada 100 ml daba un resultado de 2, namentres que o 25 de maio do presente 2018, no mesmo punto de mostra, os enterococos UFC por cada 100 ml, daba un resultado de 30. Incrementouse este parámetro en 28 puntos en menos de un ano.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:



1. Dada a incapacidade do Concello de A Merca para arranxar o problema, destinar recursos humanos, materiais e económicos, tanto para atallar o problema de salubridade da auga de abastecemento así coma a do estado das fontes da aldea de Fontao.
2. Facer unha auditoría dos traballos de mantemento e xestión de residuos a empresa que xeradora de enerxía sita o carón da estación de bombeo.
3. Inspeccionar as instalacións para comprobar que o funcionamento/mantemento desta é correcto e informar ás e os deputados desta Comisión do resultado da mesma.

Santiago de Compostela a 11 de xullo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 11/07/2018 17:48:56

Marcos Cal Ogando na data 11/07/2018 17:49:04



Luis Villares Naveira na data 11/07/2018 17:49:11

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través dos seus deputados e deputadas **Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo, Manuel Lago Peñas, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Francisco Vidal Casal, Marcos Cal Ogando, Magdalena Barahona Martín, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García e Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende hai máis de catro anos, o sindicalismo de clase convoca mobilizacións e concentracións en Vigo para pedir o indulto dos traballadores Carlos Rivas e Serafín Rodríguez, que foron condenados a tres anos de prisión ao aplicárselles o artigo 315.3 do Código Penal, atentando contra os dereitos da clase traballadora, cando estaban a participar nun piquete informativo legal nunha folga do sector do transporte en 2008.

A situación de Carlos e Serafín, lonxe de ser unha anécdota, é exemplo do aumento da represión sobre os dereitos da clase traballadora dende o inicio da crise global de 2008, habendo centos de persoas traballadoras con causas penais, nunha criminalización do dereito á folga.

En decembro de 2013, o Consello de Ministros denegoulles a Carlos e Serafín a concesión de indulto que solicitaran as centrais sindicais CIG, UGT e CCOO, xunto co aval de milleiros de sinaturas da cidadanía galega, o que motivou unha



nova petición de indulto, que recibiu o apoio unánime do Parlamento de Galicia en febreiro de 2014.

Carlos Rivas e Serafín Rodríguez seguen condenados e pendentes de que se resolva a segunda petición de indulto, feito polo que o Parlamento de Galicia reiterou a solidariedade con eles e coas súas familias e pronunciouse a favor de que o Consello de Ministros tome en consideración inmediatamente a petición de indulto parcial para Carlos Rivas e Serafín Rodríguez coa finalidade de evitar o seu ingreso en prisión, a través dunha declaración institucional na sesión plenaria do 14 de decembro de 2016.

O 26 de febreiro de 2018, o Goberno de España respondeu a En Marea que coa modificación do Código Penal no ano 2015, posterior á condena destes dous traballadores, a nova pena mínima prevista reduciuse de 3 anos e un día de prisión, que fora a imposta, a 1 ano e 9 meses de prisión ou pena de multa de 18 a 24 meses. Deste xeito, ao carecer de antecedentes penais, os dous traballadores non se verían na obriga de entrar no cárcere, pero a condena segue a ser inxusta, toda vez que foron condenados sen que existise unha denuncia contra eles nin que se constatasen danos materiais nin persoais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea propón á Comisión 5.^a a adopción do seguinte acordo.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Trasladar ao Goberno do Estado a solidariedade do Parlamento de Galicia con Carlos Rivas e Serafín Rodríguez e coas súas familias.
2. Trasladar ao Goberno do Estado a petición de que o Consello de Ministros tome en consideración a petición de indulto total para Carlos Rivas e Serafín Rodríguez.



Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 11/07/2018 19:25:29

Paula Vázquez Verao na data 11/07/2018 19:25:36

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/07/2018 19:25:40

Carmen Santos Queiruga na data 11/07/2018 19:25:42

Antón Sánchez García na data 11/07/2018 19:25:45

Eva Solla Fernández na data 11/07/2018 19:25:48

Luca Chao Pérez na data 11/07/2018 19:25:51

Paula Quinteiro Araújo na data 11/07/2018 19:25:54

Magdalena Barahona Martín na data 11/07/2018 19:25:57

José Manuel Lago Peñas na data 11/07/2018 19:25:59

Francisco Casal Vidal na data 11/07/2018 19:26:02

David Rodríguez Estévez na data 11/07/2018 19:26:05

Marcos Cal Ogando na data 11/07/2018 19:26:08



Julia Torregrosa Sañudo na data 11/07/2018 19:26:11



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:07
Nº Rexistro: 33380
Data envío: 12/07/2018 11:07:16.725

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ao cumprimento da Xunta de Galiza e das empresas dela dependentes da lexislación vixente en materia de igualdade e non discriminación laboral e salarial por razón de sexo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento de que as traballadoras do servizo de limpeza da Xunta fixeron o pasado 29 de xuño de 2018 entrega dun escrito nas instalacións do goberno que estaba dirixido á Secretaría Xeral de Igualdade así como á Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Mediante estes escritos, facían coñecedora á Xunta de Galiza da súa situación de discriminación laboral así como da demanda da súa implicación para levar a cabo as actuacións necesarias para comprobar os feitos e velar polos cumprimento efectivo tanto dereitos laborais como do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Para isto, sería preciso que se corrixa a situación actual, na que a empresa concesionaria, Grupo Norte, ascendeu á categoría de peón especialista aos homes que aínda non a posuían, facéndoo de maneira discriminatoria coas mulleres, de maneira unilateral e sen consultalo e comunicalo ao Comité de Empresa. Neste sentido,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:07
Nº Rexistro: 33380
Data envío: 12/07/2018 11:07:16.725

sería preciso e urxente e que todas as mulleres con categoría de limpadora e cun trienio de antigüidade vexan recoñecida a categoría de peoa especialista.

Porén, desde entón a Xunta de Galiza non iniciou nin unha soa actuación e o pasado 11 de xullo as traballadoras manifestábanse ás portas do Parlamento Galego rexistrando un escrito dirixido aos grupos nos que facían constar o seguinte: “queremos trasladarlles que a pesar de ter sido recibidos o pasado mes de xuño por representantes da menciona Consellería, a día de hoxe todos os feitos denunciados, así como a situación de discriminación por razón de xénero, séguense sen aclarar e/ou solucionar.”

Coñecida esta situación, que o Bloque Nacionalista Galego entende de máxima gravidade, é preciso que a Xunta de Galiza explique as actuacións levadas a cabo, se as houber, e inicie as actuacións precisas na procura dunha solución. Cómpre recordar que se ben son moitos os tipos de discriminacións que sufrimos as mulleres galegas en todos os ámbitos da nosa vida, o económico-laboral ten importantes consecuencias, pois determina en boa parte e a capacidade para evitar outras. Así mesmo, non é de recibo que unha contratación sufragada con diñeiro público e pola administración pública, como é o caso desta concesión, incumpra as directrices recollidas no Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Galiza en materia de igualdade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a levar a cabo as actuacións necesarias para demandar da empresa concesionaria Grupo Norte unha solución ao conflito de discriminación laboral por razón de sexo consensuada coa representación



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:07
Nº Rexistro: 33380
Data envío: 12/07/2018 11:07:16.725

legal das traballadoras. No caso de non acadarse no prazo que esta estime oportuno, iniciará os trámites conducentes a expedientar á empresa e rescindir o contrato favorecendo a subrogación das traballadoras á seguinte concesión.”

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/07/2018 11:03:00

María Montserrat Prado Cores na data 12/07/2018 11:03:06

Ana Pontón Mondelo na data 12/07/2018 11:03:08



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:07
Nº Rexistro: 33380
Data envío: 12/07/2018 11:07:16.725

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/07/2018 11:03:09

Olalla Rodil Fernández na data 12/07/2018 11:03:11

Xosé Luis Bará Torres na data 12/07/2018 11:03:12



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33386
Data envío: 12/07/2018 11:39:16.825

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa as medidas a tomar diante da falta de persoal no Centro de Saúde de Soutomaior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa ben tempo que no concello de Soutomaior estamos a vivir serios problemas con respecto á sanidade pública. Problemas que afectan de maneira directa á veciñanza e que son froito dos recortes do PP en materia de sanidade. Problemas que se concretan en carencias de servizos sanitarios importantes, en semanas enteiras e mesmo meses nos que os veciños quedan sen cobertura pediátrica no concello xa que o SERGAS non cubre as vacacións, en esperas de varias horas nos nosos centros de saúde, ou no feito de que haxa veciños que non poden darse de alta nos centros na atención primaria de Arcade porque os cupos están saturados.

Por iso, dende o BNG levamos adiante diferentes iniciativas para solucionar esta realidade. Medidas propositivas para tratar de mellorar esta



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33386
Data envío: 12/07/2018 11:39:16.825

situación como a recollida de sinaturas para demandar servizo de pediatría e diferentes iniciativas municipais e parlamentarias esixindo a solución destes problemas.

Hai xa tres semanas que o representante municipal do BNG escribiu unha carta urxente ao alcalde deste concello propoñendo un acordo de todos os grupos municipais para a defensa da sanidade pública. Nesta proposta solicitábase algo tan necesario e evidente como unha xuntanza de todos os grupos co conselleiro de sanidade para dende o acordo e a unidade resolver os problemas da sanidade pública de Soutomaior. Semanas despois, o alcalde nin sequera se molestou en contestar nunha actitude que, sen dúbida, a veciñanza non merece.

Ante ao silencio do PP de Soutomaior e a pasividade do PP na Xunta, @s veciñ@s padecen unha situación de desmantelamento da sanidade que ten graves consecuencias para o servizo sanitario. Hoxe por hoxe os médicos de Soutomaior teñen que atender ata a 65 pacientes por día.

Temos que ver como nun concello con 7400 habitantes temos tan só dous médic@s a xornada completa e outro na práctica con xornada parcial cando en concellos veciños de 6000 habitantes hai ata 4 médicos.

Temos que ver como nun centro con alta demanda como é o de Arcade, o servizo de pediatría desaparece durante semanas enteiras porque o SERGAS non cubre as baixas.

Temos que ver como @s veciñ@s teñen que agardar durante horas para ser atendidos por mor da saturación das consultas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33386
Data envío: 12/07/2018 11:39:16.825

Temos que ver como as citas se demoran durante días e mesmo dunha semana para outra nas épocas de máis saturación.

Temos que ver como os cupos sanitarios están desbordados e superan con moito as recomendación dos colectivos profesionais como a Sociedade Española de médicos de familia que recomenda un máximo de 1200 pacientes por médico cando en Soutomaior hai ata 1800.

Temos que ver como hai veciñ@s quen non poden darse de alta no seu centro de saúde porque os cupos están saturados e non admiten máis pacientes.

Temos que ver mesmo como o centro de saúde queda sen ningún médico porque @ únic@ titular que estaba no día ten que saír a atender urxencias, co risco evidente que iso implica para a poboación no caso dunha urxencia vital.

E por se isto non fose dabondo, temos que ver como nestes días o SERGAS acaba de facer público que o centro de saúde de Soutomaior estará sen ningún médico durante varios días neste mes de xullo e a única solución que se lle dá aos pacientes é que se hai algunha urxencia acudan ao PAC da Parda, a máis de 15 km de distancia.

Ante esta situación que padecen @s veciñ@s de Soutomaior a resposta das administración responsables é sempre a mesma: o goberno local cala, non tramita as mocións en defensa da sanidade pública que se aproban no pleno e nin sequera contesta ás cartas dos representantes do BNG para reunirnos cos responsables do SERGAS. Pola súa banda, o PP da Xunta impide constantemente estas melloras que precisan @s veciñ@s votando en contra das emendas aos



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33386
Data envío: 12/07/2018 11:39:16.825

orzamentos da Xunta presentadas polo BNG ou votando en contra de iniciativas parlamentarias do BNG que pedían máis médicos para Soutomaior.

A veciñanza de Soutomaior, farta desta situación, saíu á rúa o pasado 29 de outubro nunha importante mobilización que demanda estas melloras tan reais como necesarias para a sanidade de Soutomaior. Mobilizacións que se verán na obriga de continuar, se o Partido Popular non atende estas demandas xustas e urxentes da veciñanza de Soutomaior. Cremos que é obriga dunha administración responsábel e sensibilizada coa sanidade pública, atender esta grave situación.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Que manteña o servizo médico no centro de saúde de Soutomaior nos días 16, 17 23, 26 e 27 de xullo nos que o SERGAS anunciou que quedaría sen médicos.

Que dote ao concello de Soutomaior do número de médicos necesarios até completar como mínimo catro xornadas completas, de maneira que se garanta unha atención sanitaria digna para a veciñanza.

Que dote de tod@s @s sanitari@s necesari@s para atender á poboación (enfermeir@s, auxiliares, celadores,etc)



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33386
Data envío: 12/07/2018 11:39:16.825

Que cubra as baixas de tod@s @s profesionais, especialmente d@s
médic@s de familia e @s Pediatras para garantir que nun centro de alta demanda
@s veciñ@s teñan garantido o acceso ao servizo.”

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/07/2018 11:38:37

Ana Pontón Mondelo na data 12/07/2018 11:38:42



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 11:39
Nº Rexistro: 33386
Data envío: 12/07/2018 11:39:16.825

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/07/2018 11:38:43

Olalla Rodil Fernández na data 12/07/2018 11:38:45

Noa Presas Bergantiños na data 12/07/2018 11:38:46

Xosé Luis Bará Torres na data 12/07/2018 11:38:48

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo** e do seu deputado **Manuel Lago Peñas**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Afundación da Obra Social Abanca vén de publicar o resumo executivo da súa publicación *A economía galega. Informe 2017*, un estudo elaborado en colaboración co Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela e o Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa (IESIDE). A investigación reserva un espazo á preocupación que está xerando a automatización de tarefas que, ata o de agora, foran desenvolvidas por traballadores e traballadoras. A inqueda vai en aumento porque, como podemos comprobar na nosa vida cotiá, as máquinas non só poden realizar accións mecánicas e repetitivas propias dos traballos pouco cualificados, senón que, cada vez máis, son quen de encargarse de labores que requiren manexar e explotar un gran volume de información co obxecto de levar a cabo comportamentos complexos. A Intelixencia Artificial, o Internet das cousas, a xestión da información que permiten os big data... están permitindo ás máquinas comezar a disputar algúns postos de traballo de alta cualificación. Ademais, aínda que moi poucas profesións poidan ser enteiramente automatizadas no futuro próximo, moitas son susceptibles de ser parcialmente automatizadas, o que pode diminuír o número de profesionais necesarios para satisfacer as necesidades da sociedade.



Asumindo a metodoloxía adoptada polos economistas Carl Frey e Michael Osborne –que calcula a probabilidade de automatización das ocupacións estudando o impacto sobre os salarios e os niveis de formación–, o informe de Afundación conclúe que o número de traballadores en risco de ser substituídos por máquinas en Galicia é de máis do 30%, isto é, case 1 de cada 3 traballadores, porcentaxe que supera a calculada para o conxunto do Estado.

Aínda que ao proceso de automatización do traballo lle queda un longo camiño por diante, as súas primeiras manifestacións xa se están deixando sentir con contundencia nalgúns espazos, como nos supermercados e nas tendas físicas. Zara é un exemplo recente disto. A firma do grupo Inditex decidiu instalar máquinas de pago automático nalgúns tendas da provincia de A Coruña coa oposición dos sindicatos e dos traballadores, que consideran que a compañía está recortando os gastos a costa dos traballadores.

Por suposto, non todo o que ten que ver coa automatización son riscos, senón que hai tamén oportunidades que poden ser aproveitadas. A automatización permite que a produtividade medre, tanto dende o punto de vista dos negocios como dende a perspectiva das economías, algo proveitoso en países nos que a poboación en idade de traballar diminúe. Ademais, a automatización pode favorecer a competitividade das pequenas empresas, na medida na que lles facilita unha maior produción e uns resultados máis profesionais.

Ante este panorama, ás administracións tócalles actuar con responsabilidade e visión de futuro, anticipando cal será o impacto da automatización, e actuando para sacarlle partido as súas oportunidades e minimizar os seus riscos.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un informe acerca do impacto futuro da automatización no mercado laboral que permita deseñar un plan de adaptación, co obxecto de garantir o emprego de calidade.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Luís Villares Naveira

Deputada, deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 12/07/2018 13:11:35

José Manuel Lago Peñas na data 12/07/2018 13:11:44

Luis Villares Naveira na data 12/07/2018 13:11:52



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 11:11
Nº Rexistro: 33212
Data envío: 06/07/2018 11:11:55.088

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á suba dos impostos dos carburantes.

O alto prezo dos carburantes está a supoñer unha forte dificultade nas economías familiares e empresariais. Porén, segundo sinalan diversas fontes xornalísticas, o goberno do estado está a barallar levar a cabo dúas reformas no Imposto Especial de Hidrocarburos que agravarían esta situación.

Dunha banda, anunciouse que o goberno estuda a “harmonización” do tramo autonómico do imposto sobre hidrocarburos para todas as CCAA, de xeito que se aplicaría en todas o tipo impositivo máximo de 0,48 céntimos o litro, tanto de gasóleo como de gasolina. Este é o que tipo é o que xa se aplica nestes intres en Galiza após a suba de tipos impositivos levada a cabo polo goberno de Feijóo no ano 2013. Na práctica, trátase dunha clara invasión competencial que supón a centralización total do imposto, furtando ás CCAA a posibilidade de modular o tipo en función dos seus intereses ou necesidades.

A outra medida que baralla o Goberno español é a de subir o imposto sobre o gasóleo para igualalo ao da gasolina. Na actualidade o imposto especial sobre as gasolinas é de 40,25 céntimos de euro por litro mentres que o do gasóleo, duns 30,7 céntimos. Xa que logo, o litro de gasóleo custaría practicamente 10 céntimos máis de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 11:11
Nº Rexistro: 33212
Data envío: 06/07/2018 11:11:55.088

levarse a cabo esta reforma, o que suporía que encher o depósito dun vehículo con motor diésel incrementarase en máis de cinco euros.

Estas medidas terían un impacto especialmente negativo en Galiza, onde os prezos dos carburantes son os máis caros do estado peninsular, mesmo contando cunha refinería na cidade da Coruña, o que debería ter o efecto de abaratar o seu custo. Trátase dun exemplo evidente da irracionalidade e inxustiza dun modelo que debe ser transformado.

No último informe mensual dispoñíbel publicado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica (anteriormente o de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital), que achega datos de maio do 2018, amósanos como o prezo do gasóleo galego é o máis alto do estado peninsular, cun prezo de 126,1 euros o litro, e as catro provincias galegas son tamén as catro provincias peninsulares cos prezos máis caros. O prezo da gasolina é o máis caro entre as comunidades peninsulares, neste caso xunto a Asturias, cun prezo de 134,1 euros o litro.

De feito, hai escasos días anunciouse que a propia Comisión Nacional para os Mercados e Competencia ultima a elaboración das conclusións coas que deberá dilucidar por que os usuarios galegos pagamos o gasóleo e a gasolina máis caras da estado, a pesares de que xa foi instado a facelo hai varios anos.

Xa que logo, sendo conscientes das graves repercusións que terían as medidas anunciadas polo goberno, cremos necesario posicionarnos de xeito que non se leven a cabo e consideramos imprescindible que a Xunta de Galiza adopte tamén medidas no inmediato que alivien a dificultade que supón para o tecido social e económico o alto prezo destes carburantes.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 11:11
Nº Rexistro: 33212
Data envío: 06/07/2018 11:11:55.088

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

-Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para impedir que Galiza siga sendo un dos territorios do Estado no que os carburantes teñen os prezos máis altos?

-Que avaliación realiza a Xunta de Galiza da aplicación e resultados do Decreto 45/2015, do 26 de marzo?

-Como avalía o goberno galego que Galiza sexa das comunidades do Estado con maior concentración dentro dun Estado cos maiores prezos dos carburantes antes de impostos de toda a UE?

-Considera a Xunta de Galiza que as competencias e capacidade decisoria na materia son suficientes?

-Como avalía a Xunta de Galiza a súa política impositiva canto a carburantes?

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza das medidas anunciadas polo Goberno de do Estado en relación ao Imposto Especial sobre Hidrocarburos?

-Considera a Xunta de Galiza que existe invasión competencial na posíbel centralización do tramo autonómico do Imposto Especial sobre Hidrocarburos?

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 11:11
Nº Rexistro: 33212
Data envío: 06/07/2018 11:11:55.088

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/07/2018 11:01:01

María Montserrat Prado Cores na data 06/07/2018 11:01:06

Ana Pontón Mondelo na data 06/07/2018 11:01:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/07/2018 11:01:10

Olalla Rodil Fernández na data 06/07/2018 11:01:11

Xosé Luis Bará Torres na data 06/07/2018 11:01:13

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

Un ano máis, coa chegada do verán, a Consellería de Sanidade pon en marcha o peche de camas nos hospitais da rede pública, situación que só empeora as xa alarmantes listas de espera e crea as condicións idóneas para que se sigan a producir os xa coñecidos colapsos nas urxencias.

Así mesmo, consultas e probas de atención especializada vense afectadas pola non cobertura dos permisos do persoal. Circunstancia afecta tamén ao diagnóstico e o control das diferentes patoloxías.

Ademais dos servizos hospitalarios, os peches tamén afecta a consultas na atención primaria, tamén coa non cobertura dos permisos vacacionais, aforrando os costes de substitucións, pero afondado na precarización dos dereitos laborais.

Esta situación agrávase cada ano, cun incremento no peche destes servizos. De feito, a estas alturas son xa varios os hospitais e centros de saúde que están a sufrir estas carencias de servizos, existindo denuncias por parte da Xunta de persoal dos respectivos hospitais.

No CHUO, por exemplo, están a denunciar que baixo os eufemismos de “flexibilización da hospitalización ou de camas de expansión” existen unidades baleiras pero doentes amontoados en salas sen ventilación nin intimidade.

No CHOP, a xerencia acaba de anunciar o peche de 80 camas que comezarán en xuño na unidade de lactancia e continuarán durante os meses de xullo, agosto e



setembro en outras unidades como medicina interna, pneumoloxía ou traumatoloxía.

No Salnés, o peche estrutural que se produce todos os veráns na terceira planta, está xa a ter as súas consecuencias como a derivación dos partos a Pontevedra.

No CHUAC, o peche de 170 camas está a provocar saturacións en urxencias, consecuencia tamén dun desmantelamento da atención primaria no que a falta de cobertura dos postos de traballa, aumenta a demora nas citas e obriga a moitas persoas a acudir ás urxencias hospitalarias.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación á Xunta de Galicia:

- Cal é o número de camas que se van a pechar nos diferentes hospitais do SERGAS?
- Cales son os servizos nos que se pecharán as diferentes camas en cada centro?
- Cales foron os criterios seguidos para decidir que servizos se pecharán?
- Cal é o número de profesionais que desfruta as vacacións nas diferentes categorías en cada área sanitaria nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro?
- Cantos destes permisos van a ser cubertos con persoal eventual?
- Cales son os criterios que se seguiron ou se van a seguir para decidir que permisos son cubertos?
- Ante os colapsos que se están a producir, cal é o plan que se vai a seguir nos Hospitais do SERGAS?



- Que consultas de atención especializada pecharán nos diferentes centros este verán?
- Cal será a cobertura de permisos nos servizos de radioloxía e laboratorios?

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/07/2018 11:20:34

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

A Lei 7/2010, de 31 de marzo, Xeral da Comunicación Audiovisual, dispón, no seu artigo 8, sobre os dereitos das persoas con discapacidade, que “as persoas con discapacidade auditiva teñen o dereito a que a comunicación audiovisual televisiva, en aberto e cobertura estatal ou autonómica, subtitule o 75% dos programas e conte polo menos con dúas horas á semana de interpretación con lingua de signos”.

Na Memoria sobre a execución da función de servizo público da CRTVG correspondente ao ano 2017, entregado ao Parlamento de Galicia o 10 de xullo de 2018, infórmase sobre o número de horas emitidas con subtitulado para persoas xordas, que serían as seguintes:

- en programas, na TVG, 1.101 horas subtituladas.
- na TVG2, 1.935 horas subtituladas.

Entre esta programación subtitulada, están 13 series de animación, 3 series de ficción no prime time (“Pazo de Familia”, “Serramoura” e “Viradeira”), 13 programas divulgativos e de entretemento, ademais de películas de cine e documentais.



En canto a lingua de signos, en total, di o informe, “emitíronse 289 horas en lingua de signos, 281 delas correspondentes a 260 telexornais”.

No que respecta ao subtulado, a TVG emite diariamente un informativo, o Galicia Noticias Mediodía, xusto antes do Telexornal Mediodía, cunha duración de 30 minutos, o que suma 130 horas ao ano.

Así pois, en canto a subtulado para persoas xordas, o conxunto da TVG emite, segundo este informe, un total de 3.166 horas, o que supón (calculando en 22.500 o número total de horas a partir dos datos do informe, aínda que non se especifican) o 14,07 %, máis de 60 puntos por debaixo do estipulado na norma estatal.

O dereito á accesibilidade universal é un dos principios establecidos pola Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade da ONU, ratificada polo Estado español en 2008. A subtulación e a dobraxe en lingua de signos é un dereito das persoas xordas galegas para poder acceder en igualdade de condicións aos contidos audiovisuais.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Interpelación á Xunta de Galicia:

- Que vai facer a Xunta para garantir, como mínimo, que o 75% da programación da CRTVG conte con subtulación para persoas xordas?
- Que opinión ten a Xunta do escaso desenvolvemento da subtulación e da dobraxe en lingua de signos na CRTVG?



- Vai a Xunta facer algunha acción para garantir a accesibilidade universal no eido audiovisual no noso país?

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 10/07/2018 19:04:42

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais ten que ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Nas sete principais cidades de Galicia hai abertas 7 oficinas de atención psicolóxica a vítimas de violencia machista. Entre o 24 de novembro e o 31 de decembro de 2017 este servizo cubriuse mediante un convenio entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, ata que a Consellería decidiu -a finais de 2017- sacar a concurso as 7 prazas e non renovar o convenio de colaboración. A raíz da denuncia deste grupo parlamentario e da súa pregunta rexistrada o 31 de xaneiro, o propio vicepresidente dicía en sede parlamentaria que este servizo comezara a funcionar o día 1 de marzo de 2018.

Efectivamente así foi: revisado o expediente remitido polo Goberno galego despois de pedilo, resulta que os contratos se celebraron inicialmente por un mes e logo cunha prórroga de 6 meses máis, de forma que Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza contratou temporalmente como persoal laboral temporal, na modalidade de acumulación de tarefas, a 7 persoas licenciadas en Psicoloxía, que tomaron posesión do seu cargo o día 1 de marzo, despois de 7 chamamentos telefónicos urxentes.

É dicir, que o convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia durou escasamente UN MES en 2017, o servizo estivo dous meses baleiro durante 2018 e as vítimas sen atención nas 7 oficinas xudiciais. Esa é a preocupación real do Goberno galego.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. É a atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista nas dependencias xudiciais unha cuestión prioritaria para o Goberno da Xunta de Galicia, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero?
2. Por que os contratos laborais das 7 persoas licenciadas en Psicología só se celebraron inicialmente por un mes e logo foron prorrogados?
3. Por que os contratos son temporais e por acumulación de tarefas?
4. Cales foron os motivos polos que se lles chamou por teléfono de forma urxente, segundo consta no expediente? Que día se fixeron esas chamadas?
5. Ten intención o Goberno de facer este servizo permanente?

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/07/2018 13:10:35

María Luisa Pierres López na data 11/07/2018 13:10:41



 Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 11/07/2018 13:10:46

María Dolores Toja Suárez na data 11/07/2018 13:10:51

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/07/2018 13:10:58

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/07/2018 13:11:04

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O pasado 28 de xuño do 2018 foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, con carácter plurianual.

Estas axudas atenden principalmente dúas liñas:

- a) Liña A, axuda ao alugamento de vivenda: a súa finalidade é facilitar o desfrute dunha vivenda en réxime de alugamento a sectores de poboación con escasos medios económicos, mediante a concesión de axudas directas ás persoas inquilinas. Con contías de acuda dun 40 % da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento. Para aqueles con máis de 65 anos, esta axuda será do 50 %.
- b) Liña B, axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente: a súa finalidade é facilitar o acceso ao desfrute dunha vivenda digna e adecuada, en réxime de alugamento, a persoas menores de 35 anos con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas inquilinas. A contía da axuda será do 50 % da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento.

A renda mensual da vivenda obxecto do contrato de alugamento non poderá superar, segundo se explicita no artigo 6, os seguintes importes, dependendo do concello en que estea situada:

Zona territorial	Importe da renda mensual de alugamento	Concellos
Prezo máximo superior	500 €	A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra.
Zona territorial 1	400 €	Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Ferrol, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro. Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.
Zona territorial 2	300 €	O resto de concellos de Galicia.

No artigo 11 do Plan estatal de vivenda en referencia ás persoas beneficiarias se especifica no seu apartado d) que a vivenda obxecto do contrato de arrendamento o sexa por unha renda igual ou inferior a 600 euros mensuais, sen prexuízo dos supostos previstos no artigo seguinte.

No artigo 12, que fai referencia á “Modificación del límite de ingresos de la unidad de convivencia y de la renta máxima mensual”, di que “As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla podrán

Grupo Parlamentario

reducir nas convocatorias de axudas o límite máximo de ingresos da unidade de convivencia e a renda máxima mensual establecidos no artigo anterior, en función das circunstancias demográficas ou económicas e de hacinamento ou sobreocupación que a seu xuízo o aconsellen. Ase mesmo, poderán fixar un límite mínimo de ingresos que deba acreditar a unidade de convivencia para acceder á axuda “

Polo tanto , no caso de Galicia, o límite de renda máxima habitual de 600 euros mensuais foi reducida por decisión da propia Xunta de Galicia a un máximo de 500 euros mensuais, sen que se teña claro o porqué desta decisión , especialmente nas cidades con maior demanda e alugueiros máis altos.

Se atendemos ós prezos medios de alugueiro de vivendas en Galicia, do primeiro trimestre do 2018, nas principais cidades, son os seguintes:

Pontevedra: 5,9 €/m²

Vigo: 8,3 €/m²

Ourense: 5 €/m²

A Coruña: 7,2 €/m²

Santiago: 5,8 €/m²

Lugo: 4,8 €/m²

Se atendemos a eses prezos medios e superficies máximas para alugar, vese como na cidade de Vigo, unha persoa pode optar como máximo a unha vivenda de 60 metros cadrados, mentres que na cidade de Ourense a vivenda media sería de 100 metros cadrados.

Na cidade de Vigo, unha vivenda de 80 metros cadrados ten un custo medio de 664 €. O que excede, con moito, incluso a posibilidade que contemplan as bases das axudas de incrementar un 20 % a contía máxima para familias numerosas ou integrantes dunha unidade de convivencia que precise unha vivenda adaptada para algún dos seus membros, e que como máximo se situaría en 600 €.

 Grupo Parlamentario

Isto dá boa idea das marcadas diferencias entre cidades, e sobre todo a falta de realismo coa situación que se vive nas dúas grandes cidades de Galicia, Vigo e A Coruña.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cales foron os motivos polos que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda rebaixaron o límite máximo de renda mensual de alugueiro nas principais cidades e vilas de Galicia?
2. Que propiciou que dos 600 € máximos estipulados polo Plan estatal de vivenda en Galicia, estas cantidades, se rebaixen en 100 € en todos os casos?
3. Qué condicións especiais valorou a Xunta de Galicia nesta ocasión e que non a levou a marcar o límite de convocatorias anteriores nas que os 600€ eran o importe para as rendas máximas de alugueiro?
4. Entende este Goberno que unha familia ou cidadán que opte a este tipo de axudas ten dereito a que as vivendas ás que opte reúnan condicións dignas de habitabilidade?
5. Considera que os prezos medios de alugueiro dunha cidade ou vila se corresponden cos niveis medios de calidade do total do parque de vivendas ofertado?
6. Entende o Goberno que existen dúas cidades, como son Vigo e A Coruña con prezos medios de alugueiro entre o 20 e o 30 % máis elevados que o resto de cidades do mesmo grupo?

 Grupo Parlamentario

7. Contemplan, segundo eses datos, que cando menos as cidades de Vigo e A Coruña deberan ter unha consideración especial e aumentar o máximo de límite de renda mensual de alugueiro para poder optar ás axudas ofertadas?

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López

Raúl Fernández Fernández

Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 11/07/2018 14:28:33

Raúl Fernández Fernández na data 11/07/2018 14:28:39

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/07/2018 14:28:43



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación** á Xunta de Galicia.

Dende hai máis de catro anos, o sindicalismo de clase convoca mobilizacións e concentracións en Vigo para pedir o indulto dos traballadores Carlos Rivas e Serafín Rodríguez, que foron condenados a tres anos de prisión ao aplicárselles o artigo 315.3 do Código Penal, atentando contra os dereitos da clase traballadora, cando estaban a participar nun piquete informativo legal nunha folga do sector do transporte en 2008.

A situación de Carlos e Serafín, lonxe de ser unha anécdota, é exemplo do aumento da represión sobre os dereitos da clase traballadora dende o inicio da crise global de 2008, habendo centos de persoas traballadoras con causas penais, nunha criminalización do dereito á folga.

En decembro de 2013, o Consello de Ministros denegoulles a Carlos e Serafín a concesión de indulto que solicitaran as centrais sindicais CIG, UGT e CCOO, xunto co aval de milleiros de sinaturas da cidadanía galega, o que motivou unha nova petición de indulto, que recibiu o apoio unánime do Parlamento de Galicia en febreiro de 2014.

Carlos Rivas e Serafín Rodríguez seguen condenados e pendentes de que se resolva a segunda petición de indulto, feito polo que o Parlamento de Galicia reiterou a solidariedade con eles e coas súas familias e pronunciouse a favor de que o Consello de Ministros tome en consideración inmediatamente a petición de



indulto parcial para Carlos Rivas e Serafín Rodríguez coa finalidade de evitar o seu ingreso en prisión, a través dunha declaración institucional na sesión plenaria do 14 de decembro de 2016.

O 26 de febreiro de 2018, o Goberno de España respondeu a En Marea que coa modificación do Código Penal no ano 2015, posterior á condena destes dous traballadores, a nova pena mínima prevista reduciuse de 3 anos e un día de prisión, que fora a imposta, a 1 ano e 9 meses de prisión ou pena de multa de 18 a 24 meses. Deste xeito, ao carecer de antecedentes penais, os dous traballadores non se verían na obriga de entrar no cárcere, pero a condena segue a ser inxusta, toda vez que foron condenados sen que existise unha denuncia contra eles nin que se constatasen danos materiais nin persoais.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Interpelación á Xunta de Galicia:

1. Ten trasladado ao Goberno do Estado a solidariedade do Parlamento de Galicia con Carlos Rivas e Serafín Rodríguez e coas súas familias?
2. Ten trasladado ao Goberno do Estado a petición de que o Consello de Ministros tome en consideración a petición de indulto parcial para Carlos Rivas e Serafín Rodríguez?
3. Vai a Xunta solicitar o indulto parcial para Carlos Rivas e Serafín Rodríguez?
4. Non considera a Xunta que dende 2011 arreciou a represión contra a clase traballadora?



Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/07/2018 19:34:44

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

A crise de 2008 consolidou en Galiza un modelo social desigual e asentou a temporalidade e a precariedade laboral: nin a recuperación macroeconómica chega aos fogares nin ter un emprego garante saír da pobreza, agrandándose, ademais, a fenda salarial entre os salarios baixos e altos e entre homes e mulleres, así como entre as áreas urbanas e rurais.

En 2016, tomando datos de Facenda, 672.701 galegos e galegas tiveron ingresos por baixo dos 9.000 euros brutos – como moito, 750 euros brutos mensuais –.

Durante a crise, perdeuse en Galiza un 6,15% de poder de compra.

Seguindo o indicador AROPE, en 2017 o 22,6% da poboación galega atopábase en risco de pobreza e exclusión, situación que se agrava entre a poboación menor de idade e as mulleres.

A renda de integración social de Galicia, a RISGA, regúlase pola Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no seu Título 1, e consta das seguintes contías, por unidade familiar:

- 1 persoa: 399,38 €/mes
- 2 persoas: 473,93 €/mes
- 3 persoas: 537,83 €/mes



- 4 persoas: 591,08 €/mes
- 5 persoas: 644,33 €/mes
- 6 persoas: 697,58 €/mes

Nos Orzamentos da Xunta para 2018 consignáronse para a RISGA 62.483.466 €, prevendo dar cobertura a 10.800 persoas.

Son numerosos os problemas da actual RISGA, que a incapacitan como ferramenta de inclusión social para aquela poboación en maior risco de exclusión.

A RISGA é unha das rendas mínimas de inserción de menor contía do Estado e con menor cobertura.

Persiste a arbitrariedade e opacidade na xestión da RISGA, que non conta en todos os seus niveis de tramitación con persoal técnico en servizos sociais, o que impide, por parte das unidades técnico-administrativas de valoración das solicitudes, en cada xefatura territorial da Consellería de Política Social, avaliar os casos con criterios de inclusión social, producíndose unha situación de arbitrariedade e disparidade de criterios en función da provincia.

Ademais, as persoas critican a excesiva burocracia na xestión, unha das causas dos atrasos na súa tramitación. O proceso é percibido polas persoas perceptoras de RISGA como “violencia administrativa”

Por outra parte, non deixou de haber obstáculos para compartir domicilio por parte de perceptores/as de RISGA nin se ten en conta a especial situación das persoas en situación de infravivenda.



En relación ás dificultades de vivenda, hai persoas moi vulnerables, que habitan en infravivenda, que non acceden á RISGA por ser os requisitos de acceso non asumibles, en canto á esixencia de abandonar a infravivenda en 6 meses, como máximo.

Por outra parte, os escasos ingresos das persoas perceptoras de RISGA impiden, en moitos casos, a formalización dun contrato de alugueiro, co cal, a situación de compartir vivenda con outras unidades familiares perceptoras de RISGA debe terse en conta, non só como excepción. Pero, sobre todo, debe apostar a Xunta por políticas públicas activas de vivenda e alugueiro.

O Decreto prevé a ampliación do prazo de 6 meses ata 12 meses con prórroga se hai informe social, pero non se contempla ter en conta, en todos os caos, a valoración global da situación persoal en relación á vivenda, sen poñer prazos.

Asemade, o atraso no desenvolvemento da Lei 10/2013 no relativo aos tramos de inserción e transición ao emprego (que deberían estar activados en 2014) afonda na incapacidade da RISGA como ferramenta para a inserción laboral.

En xeral, existe falta de coordinación efectiva entre Emprego, Política Social, Sanidade, Vivenda e Ensino no eido da exclusión social e carécese dunha estratexia activa de inclusión social.

Un elemento central para que os sistemas de rendas mínimas sexan un bo sistema de inclusión é a capacidade de integración das persoas no mundo laboral.

O mundo do traballo é, na actualidade, moi precario e inestable; neste contexto, os sistemas de rendas mínimas deberían garantir, efectivamente, a transición ao emprego.



A RISGA non foi un instrumento que posibilitase a transición ao emprego, ao manter paralizados, dende a aprobación da Lei 10/2013 os tramos de inserción e transición ao emprego espera do Decreto que desenvolve a Lei de Inclusión, que aínda está en tramitación.

A escasa contía da RISGA tampouco contribuíu a establecer un solo mínimo de ingresos que contribuíra a mellorar os salarios.

Tampouco é efectivo o programa de contratacións temporais a persoas perceptoras de RISGA que financia a Consellería de Emprego e Industria para as entidades locais, dado que só se subvencionan 7 meses e só os contratos inferiores a 400 €/mes son compatibles co cobro da prestación.

En outubro de 2017, con máis de tres anos de atraso, a Xunta abriu un período de consulta pública previa sobre o Decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, esixido pola propia norma nas súas disposicións finais primeira e segunda, tendo por obxecto específico o desenvolvemento regulamentario no relativo á tramitación da RISGA e das AIS, no que se abriu a posibilidade de facer suxestións previas á publicación da norma. En decembro do mesmo ano publicouse o texto íntegro, abrindo un proceso de información pública no que se recibiron 45 suxestións, entre elas, as de En Marea, que aínda non foron respondidas.

Este Decreto, aínda que activa os citados tramos que teñen que ver co emprego, mantén a situación xeral de incapacidade da RISGA como ferramenta de inclusión social.



Non muda a contía da RISGA, que continúa a ser unha das prestacións deste tipo máis baixas do Estado.

Nos criterios para a valoración da situación de exclusión social, deberíaase incluír, ademais da situación de desemprego, especificamente a situación de emprego precario, atendendo á situación sociolaboral da poboación galega.

As persoas en situación administrativa irregular non poden acceder á RISGA, pese a poder ser considerada esta unha prestación social básica. Excluír ao colectivo migrante en situación de irregularidade administrativa das prestacións faino aínda máis vulnerable do que xa é a situacións de explotación. A esixencia do empadramento para acadar a RISGA prexudica a persoas inmigrantes e a persoas que non poden moverse na busca de traballo noutras C.A.

A función orzamentaria de loita contra a exclusión social non acada a media europea, sendo do 0,2% do PIB galego e cunha rateo de 30,23 €/habitante, fronte ao 0,4% de gasto medio na UE. A cobertura da RISGA a respecto da poboación activa é baixa.

En decembro de 2016 había 10.761 persoas beneficiarias da RISGA, o 0,4% da poboación galega, sendo en decembro de 2017, segundo a Dirección Xeral de Inclusión Social, de 10.371 persoas.

O 22 de maio de 2017, o Consello da Unión Europea emitiu unha Recomendación ao Estado español, en relación ao programa de reformas impulsado en 2017, entre a cal se incluía a consideración de que “determinadas categorías de fogares quedan fóra dos sistemas de renda mínima garantida. A escasa eficacia dos sistemas explícase, en parte, polas grandes diferenzas nas condicións de acceso e adecuación dos réximes autonómicos de renda mínima e



pola fragmentación do sistema nacional de prestacións en múltiples sistemas que se dirixen a distintas categorías de demandantes de emprego, xestionados por diversas administracións. A fragmentación introduce descontinuidade na axuda concedida a aqueles que a precisan e menoscaba a oferta de itinerarios integrados”.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Interpelación á Xunta de Galicia:

1. Ten pensado a Xunta impulsar un verdadeiro sistema galego de renda mínima?
2. Vai incorporar a Xunta no Decreto que desenvolve a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia as melloras solicitadas polos colectivos que traballan no eido da inclusión social? Cales?
3. Cando ten previsto a Xunta rematar o proceso de publicación do Decreto que desenvolve a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia para posibilitar a posta en marcha dos tramos de inserción e transición ao emprego?
4. Vai a Xunta aumentar o Orzamento adicado á RISGA ata, canto menos, chegar ao 2% do PIB galego?
5. Vai a Xunta eliminar as restricións para compartir vivenda por parte de persoas perceptoras de RISGA?
6. Vai a Xunta aumentar a contía da RISGA para posibilitar o desenvolvemento efectivo da Lei de Inclusión Social?



7. Vai a Xunta permitir a compatibilidade da RISGA con outras prestacións?

8. Vai a Xunta impulsar a modificación da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, para posibilitar o acceso á RISGA por parte de persoas migrantes en situación de irregularidade administrativa, ao ser a RISGA unha prestación social básica?

9. Vai a Xunta mellorar a coordinación entre as áreas de Política Social e Emprego?

10. Vai impulsar a Xunta un proceso de participación cos colectivos e entidades que traballan sobre a inclusión social para a redacción definitiva do Decreto, previo ao trámite preceptivo de audiencia?

11. Cando vai estar dispoñible o uso da Historia Social Única Electrónica para os trámites de acceso á RISGA e ás AIS?

12. Ten pensado a Xunta aumentar, nas subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal das persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA, o período de contratación que subvenciona a Consellería de Emprego e Industria ata os 12 meses?

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 13/07/2018 11:45:26

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727